

PROGRAMACIÓN

XERAL ANUAL

EEI A MARISMA

CURSO: 2024/2025

INDICE:

1. CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
1.1 Datos do centro	
1.2 Equipamento/aulas	
2. OBXECTIVOS DA ESCOLA PARA ESTE CURSO ACADÉMICO.....	4
2.1 Obxectivo xeral	
2.2 Obxectivos específicos	
2.3 Medidas a desenvolver para a súa consecución	
3. CALENDARIO DO CENTRO.....	6
4. CONCRECIÓN ANUAL DO PE.....	11
5. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.....	11
5.1 Órganos de Goberno	
5.2 Órganos de participación	
5.3 Equipos Docentes	
6. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	19
6.1 Transporte	
6.2 Comedor	
6.3 Plan Madruga	
7. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E	
EXTRAESCOLARES.....	20
8. PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA.....	22
9. PROGRAMA DE FORMACIÓN PERMANENTE DO	
PROFESORADO.....	26
10.CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BIBLIOTECA.....	27
11.CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL.....	28
12.ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	30

13.CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	32
13.1 Constitución DO	
13.2 Propostas de medidas de atención á diversidade do	
alumnado	
13.3 Concreción do Plan de Atención Titorial	
13.4 Concreción do cronograma de actuación do DO	
14.TALLERES DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE.....	49
15.CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA.....	51
16.CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE.....	53
17.PLURILINGÜISMO.....	56
18.AVALIACIÓN DA PXA.....	61

1. CONTEXTUALIZACIÓN

1.1 Datos do Centro

Denominación	EEI A Marisma
Código do Centro	36014726
Enderezo	Rúa A Marisma nº3 36800 Redondela
Teléfonos	886110659-885110658-886110657
Correo electrónico	eei.marisma@edu.xunta.gal
Páxina web	https://centros.edu.xunta.gal/eeiamarisma/
NIF	Q8655572I

1.2 Equipamento/aulas

O centro consta de 6 unidades de educación infantil de 3 a 6 anos.

O edificio escolar conta con:

- 6 aulas “Clase”.
- “Aula de Usos Múltiples” . E un aula ampla preto da porta de saída que se utiliza como:
 - aula de psicomotricidade
 - aula de música da sesión bilingüe.
 - zona de espera do alumnado de transporte escolar e comedor.
- Aula de inglés e relixión católica.
- Aula de AL .
- Aula de Orientación. Pequena aula preto da sala de mestras
- Biblioteca. Tamén é a aula que acolle ao alumnado do Plan Madruga.
- Cuarto do material. Pequeno espazo interior onde se almacena o material funxible e que tamén utiliza a ANPA .
- Sala de mestras
- Despacho de Dirección

2. OBXECTIVOS DA ESCOLA PARA ESTE CURSO ACADÉMICO

2.1 Obxectivo Xeral

Velar pola boa organización e funcionamento da escola, empregando tódolos recursos humanos e materiais dispoñibles.

2.2 Obxectivos Específicos

1. Potenciar o uso e a dotación do material didáctico do centro, optimizando o uso e aproveitamento dos recursos, das infraestruturas e materiais dispoñibles.
2. Seguir mellorando a dotación de material, equipamento e infraestrutura do centro:
 - Arranxar o pequeno xardín para convertelo nun recuncho musical
 - Talar as árbores e plantar outras. Convertéronse nun perigo para o alumnado por albergar vespas velutinas nas súas ramas.
 - Colocar un xogo múltiple no patio de fora.
 - Cambiar a tubaxe dos baños.
 - Poñer tarima flotante no chan das aulas
3. Facilitar e potenciar a formación do profesorado.
4. Implicar ás nais/pais no proceso educativo dos seus fillos/as.
5. Apoiar e dinamizar o funcionamento da ANPA.
6. Traballar por favorecer a boa relación con toda a comunidade educativa e institucións coas que a escola pode relacionarse.
7. Actualizar o Proxecto Educativo e Funcional do Centro
8. Potenciar o uso da páxina web do Centro
9. Fomentar o emprego da lingua galega na comunidade educativa
10. Promover a implicación do profesorado no uso das ferramentas dixitais.
11. Desenvolver medidas de atención ó alumnado NEAE a partir das propostas deseñadas polo Equipo de Orientación .
12. Planificar un horario de apoio nas aulas como reforzo do traballo das titoras. Sobre todo naquelas aulas onde mais se necesite.

2.3 Medidas a desenvolver para a súa consecución

- Coñecemento das normas xerais do centro imprescindibles para garantir o seu bo funcionamento.
- Información ós pais/nais para que a súa colaboración coa escola supoña unha mellora educativa para os seus fillos/as. Primarase o uso de medios telemáticos a tal fin.
- Emprego coordinado dos recursos humanos cos que contamos para apoiar, a ser posible dentro da aula, a aqueles nen@s con NEAE (Orientadora, AL, mestra de apoio, titora). Tamén se manterá contacto co Equipo de Orientación Específico solicitando o seu asesoramento todas as veces que sexa preciso.
- Seguir insistindo na **necesidade** que ten a escola dunha **mestra de apoio** aos organismos pertinentes.
- Relación fluída co Concelleiro de Ensino do Concello e coa representante do mesmo no Consello Escolar co fin de abrir todos os abanos posibles de formación do alumnado e de emendar as necesidades relativas ao mantemento do colexio.
- Mantendo coordinación cos Servizos Sociais do Concello para axudar e dar apoio a aqueles [alumn@s](#) ou familias que o precisen.
- Colaboración co Equipo de Normalización Lingüística do Concello para o fomento do uso da lingua galega na escola en todo aquilo que propoñan, sempre que estea adaptado a capacidade e necesidade do noso alumnado.
- Utilización da páxina web como medio de conexión e coñecemento entre a escola e as familias, tendo sempre en conta a protección dos menores nas redes sociais.

2.4 Actuacións feitas e previstas no centro

- O centro conta con mais de 30 anos, está en bastante bo estado de conservación pero precisa facer continuos arranxos para mantelo en boas condicións.
- Antes de comezo do curso o Concello adecentou o patio exterior:
 - limpando o chan
 - votando area no areeiro
 - arranxaron o xardín votando areaQueda pendente:
 - Poñer o céspede artificial.

- O arranxo das losetas dos columpios
- Atar a rede do patio cuberto e o arranxo do reforzo das columnas.
- Pintar a parede pequena e as tres columnas.
- Por parte da Xunta, está previsto que este mes de outubro cambien a **tubaxe dos baños** de todo o centro.
- A nivel informático hai dotacións novas de ordenadores e pantallas dixitais para as aulas e despacho de Dirección. O que solicitamos é o mantemento das mesmas para poder sacarlle o máximo partido.
- Está pendente por parte do Concello o proxecto para facer un comedor na escola. Cada ano se incrementa o número de alumn@s que solicitan o comedor e teñen que desprazarse fora do recinto escolar para comer.
- Tamén se lle solicita ao Concello que coloquen tarima flotante nas aulas para eliminar os cortizos que están moi deteriorados

3. CALENDARIO DO CENTRO

Horario lectivo	O horario escolar é de xornada única continuada de mañán de luns a venres. De 9:00 h. a 14:00 h. para o alumnado de 5º e 6º de EI De 9:10 h. A 13:50 h. para o alumnado de 4º EI
Horario de atención ao público	Dirección: 11:00h. a 12:00h. e os martes de 15:30h. a 17:30h. Secretaría: 11:00h. a 12:00h. e os martes de 15:30h. a 17:30h. Titorías: os martes de 16:15h. a 17:15h. ou, en casos excepcionais, en calquera outro momento con cita previa. ANPA: móvil e correo electrónico
Datas das sesións de avaliación inicial	4 outubro
Datas das sesións das avaliacións parciais	1ª avaliación parcial: 29 novembro 2ª avaliación parcial: 28 marzo 3ª avaliación parcial: 6 xuño
Datas da avaliación final	6 xuño

A táboa de horarios de saídas e entradas do alumnado e do recreo son as seguintes:

3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS
Entrada 09:10	Entrada 09:00	Entrada 09:00
RECREO 11:00- 11:20 merendar 11:20-12:00 saída patio	RECREO 11:00- 11:20 merendar 11:20-12:00 saída patio	RECREO 11:00- 11:20 merendar 11:20-12:00 saída patio
Saída 13:50	Saída 14	Saída 14:00


QUENDAS DE VIXILANCIA NOS TEMPOS DE LECER

Estableceranse quendas de vixilancia diaria de 5 mestras no patio. Cada unha delas terá asociado un espazo para poder abarcar tódolos recunchos e vixiar perfectamente as nenas e nenos que están no patio. . Ademais dentro da escola haberá outra mestra de garda adicada a atender ao alumnado que vai ao baño e atende o timbre da porta exterior, pois non dispoñemos de conserxe.

O esbozo da zona de patio e o seguinte, os números delimitan as zonas do patio que se vixían. Dependendo se chove ou non, as zoas son distintas:



NO PATIO CUBERTO SE CHOVE :



PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O alumnado de 3 anos conta cun período de adaptación dende o 11 ata o 18 de setembro, que terá un tratamento especial no tocante aos grupos e horarios.

Esta flexibilidade horaria permite @s nen@s iniciarse nas rutinas da escola paseniñamente. Están encamiñadas a coñecer o colexio, os mestres, aseos, o patio de xogo, os materiais de traballo da aula, os xoguetes, as normas da aula e do colexio, e tódalas actividades relacionadas coa rutina diaria .

Sinalar que non houbo ningunha incidencia importante que destacar. Todo o alumnado tivo unha adaptación ao centro escolar positiva, así mesmo resaltar que a colaboración dos pais/nais durante este período foi boa.

Horarios durante o Período de Adaptación

O período de adaptación para o alumnado de 4º EI é de unha semana, dende o 11 ao 18 de setembro. Neste período a organización do horario é a seguinte:

1. Os primeiros dous días (mércores 11 e xoves 12) están dúas horas na escola de 10:15-12:15h.
2. Os dous días seguintes (venres 13 e luns 16) aumenta unha hora a estadía de 10:15-13:15h.
3. O martes 17 de 9:30 a 13:30h.
4. Para rematar, os últimos días de setembro (do mércores 18 ata o luns 30) co horario completo aínda que con dous patios separados dos demais compañeiros da escola.
5. A partir do 1 de outubro o horario normal do curso

SETEMBRO

3 ANOS	MÉRCORES 11	XOVES 12	VENRES 13	LUNS 16
10:15 a 10:55	T	T	T	T
10:55 a 11:25	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11:25 a 11:45	MERENDA	MERENDA	MERENDA	MERENDA
11:45 a 12:15	T	T	T	T

4 E 5 ANOS	MÉRCORES 11	XOVES 12	VENRES 13	LUNS 16
11:15 a 11:35	MERENDA	MERENDA	MERENDA	MERENDA
11:35 a 12:05	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
	MariCarmen Ele Lucía	María MariCarmen Ele	Ele MariCarmen María	Subst. Eva Lucía Cándida
PORTA	Cándida	Subst. Eva	Lucía	María

3 ANOS	MARTES 17
09:30 a 10:15	T
10:15 a 10:55	T
10:55 a 11:25	RECREO
11:25 a 11:45	MERENDA
11:45 a 12:25	T
12:25 a 12:55	RECREO
12:55 a 13:15	T
13:15 a 13:30	T

4 E 5 ANOS	MARTES 17 SETEMBRO
11:15 a 11:35	MERENDA
11:35 a 12:15	RECREO
	Substituta Eva Cándida Ele
PORTA	MariCarmen

3 ANOS	MÉRCORES 18 A LUNS 30 SETEMBRO				
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:10 a 10:15	T	T	T	T	T
10:15 a 10:55	T	T	T	T	T
10:55 a 11:25	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11:25 a 11:45	MERENDA	MERENDA	MERENDA	MERENDA	MERENDA
11:45 a 12:45	T	T	T	T	T
12:45 a 13:15	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
13:15 a 13:50	T	T	T	T	T

4 E 5 ANOS	MÉRCORES 18 A LUNS 30 SETEMBRO				
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:10 a 11:15	T	T	T	T	T
11:15 a 11:35	MERENDA	MERENDA	MERENDA	MERENDA	MERENDA
11:35 a 12:15	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:15 a 14:00	T	T	T	T	T

4. CONCRECIÓN ANUAL DO PE

Partindo das reflexións da memoria de cada curso, da avaliación dos resultados do traballo no centro en todos os aspectos, establécense cada ano as propostas de mellora e liñas prioritarias para a elaboración da Programación Xeral Anual de cada curso escolar.

Este ano, dende a aprobación da nova Lei LOMLOE , as programación didácticas elabóranse na aplicación PROENS seguindo as instrucións establecidas pola Consellería. Pártese dun novo currículo que segue organizado en tres áreas relacionadas con ámbitos propios da experiencia e o desenvolvemento infantil pero que adquiren especial relevancia as competencias plurilingües, tecnolóxicas e dixitais para adaptalo aos novos tempos.

Seguimos dando prioridade a vía telemática para o envío de notificacións e mensaxes a través da aplicación Abalar móvil, na que tamén incorporamos o envío de fotos polo Abalar box .

Outro punto importante será ter en conta ó alumnado NEAE que temos no centro para, que na medida das nosas posibilidades, teña o apoio que precise. Este ano o apoio educativo está minguado xa que nos quitaron a mestra PT que compartiamos ata o de agora co CEIP Santa Mariña.

Tamén necesitamos unha **mestra de apoio**, que non temos, para poder completar o horario co apoio necesario que precisa o alumnado de infantil.

Durante este curso 2024/2025 procederase á revisión do actual PE, axustándose á nova lexislación e aos documentos e Plans que se levan a cabo no centro.

5. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

- **ÓRGANO DE GOBERNO**

Equipo Directivo: tomou posesión o 01/07/2021

Directora	M. ^a Carmen Rodríguez Figueroa
Secretaria	M. ^a Elena Peña Blanco

- **ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN**

Claustro escolar: formado por 10 mestras

- Dona Beatriz Alonso Fariña
- Dona Lucía Cabaleiro Martínez.
- Dona M^a Cándida Ferreira Díaz.
- Dona Elena Vázquez Bugarín
- Dna. Yolanda Parada Torres.
- Dona M^a Elena Peña Blanco.
- Dona M^a Carmen Rodríguez Figueroa.
- Dona María Romero Lago
- Dona - Eva Piñeiro Costa
- Dona Alba Álvarez Vidal

Ademais contamos coas seguintes mestras que compartimos con outros centros:

- Dona Silvia González Navaza (Orientadora que compartimos co CEIP Infante Felipe de Salvaterra)
- Dona Dolores M^a Couñago Andrés (mestra de relixión que compartimos co CEIP Santo Paio de Abaixo de Reboreda Redondela)

Adscripción do profesorado

Relación de profesorado destinado neste centro para o curso 2024-2025

Educación Infantil 5ºA	Dna. Lucía Cabaleiro Martínez	Aula nº 1
Educación Infantil 5º B	Dna. Cándida Ferreira Díaz	Aula nº 5
Educación Infantil 6ºA	Dna María Romero Lago	Aula nº 9
Educación Infantil 6ºB	Dna Eva Piñeiro Costa	Aula nº 4
Educación Infantil 4ºA	Dna. Beatriz Alonso Fariña	Aula nº 3
Educación Infantil 6ºB	Dna Alba Álvarez Vidal	Aula nº 7
Filoloxía Inglesa	Dna. Yolanda Parada Torres	Aula nº 8

Sección Bilingüe	Dna. M ^a Carmen Rodríguez Figueroa	Aulas nº 8, nº 11
Psicomotricidade	Dna. M ^a Elena Peña Blanco	Aula nº11
Audición e linguaxe	Dna. Elena Vázquez Bugarín	Aula nº6
Orientadora (compartida)	Dna. Silvia González Navaza	Aula nº10
Relixión (compartida)	Dna Dolores M. ^a Couñago Andrés	Aula 2

1.2 Alumnado por niveis e grupos

	A	B
6º EI	18	18
5º EI	17	17
4º EI	17	17

Total alumnado: 104

Consello Escolar: dende a súa renovación o 29 de novembro de 2022 houbo algunhas baixas. Este ano haberá unha renovación parcial e se completarán tódolos representantes que faltan .

Directora	M. ^a Carmen Rodríguez Figueroa
Secretaria	M ^a Elena Peña Blanco
Representantes do profesorado	
	Lucía Cabaleiro Martínez
	Elena Vázquez Bugarín
Representantes da ANPA	
	Beatriz Blanco Iago
	M. ^a Rita Pereira Vieito
Representante Concello	M ^a Pilar Martínez González

Reunións e tarefas con data determinada:

Aprobación da Programación Xeral Anual	Outubro
Aprobación do balance económico	Xaneiro
Orzamentos	Marzo
Aprobación da memoria final de curso	Xuño

Comisión Económica.

Directora	Mª Carmen Rodríguez Figueroa
Representante das nais/pais	
Representante das mestras	Elena Vázquez Bugarín

Comisión de Coordinación Pedagóxica

Presidenta	Rodríguez Figueroa Mª Carmen
Orientadora	González Navaza Silvia
Coordinadora de ciclo	Romero Lago María
Especialista AL	Vázquez Bugarín Elena
Coordinadora Dinamización da Lingua Galega	Parada Torres Yolanda
Coordinadora do Plan de Biblioteca	Martínez Cabaleiro Lucía

Obxectivos:

1. Coordina-la elaboración das programacións didácticas e a implementación daqueles aspectos concretos que impliquen ao conxunto do centro
2. Potenciar e apoiar as medidas de atención á diversidade
3. Coordinar e secuenciar as propostas de traballo dos diferentes niveis educativos.
4. Elaborar suxestións para o Plan de Orientación.
5. Colaborar no fomento dun clima de convivencia positiva.
6. Promover a innovación pedagóxica, o traballo interdisciplinar, a dinamización Tic e o traballo cooperativo do profesorado.

Actividades previstas:

- Análise e revisión dos documentos de programación elaborados no centro.
- Elaboración do calendario de sesións de avaliación.
- Seguimento do plan de actuación para a atención á diversidade.
- Análise de necesidades de cara ó plan de orientación .
- Organización de xornadas de convivencia ou “portas abertas a familias”.
- Charlas con nais e pais de alumnado.
- Revisar o PEC realizando as concrecións correspondentes.

- **EQUIPOS DOCENTES**

Consideramos que na estrutura do centro ten que ter unha importancia fundamental a coordinación. A organización en equipos docentes facilita a coordinación entre os diferentes niveis, a posta en marcha de proxectos e actividades e funciona como canle de comunicación cos órganos de goberno.

A coordinación dende a dirección facilitará que os diferentes equipos formen parte dun todo común a nivel de centro con obxectivos, metodoloxías e actitudes comúns. Así mesmo, os proxectos que se leven a cabo integrarán a toda a comunidade educativa.

Procurarase que o profesorado e os equipos de traballo asuman a responsabilidade correspondente e se impliquen na tarefa propia e á súa vez na tarefa común.

1. Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Encargarase de promover e fomentar o coñecemento e uso da lingua galega a través de diferentes actividades e traballos para implicar a comunidade educativa no maior e mellor uso do galego como lingua. Ampliado na páxina 31

2. Equipo de Ciclo:

É o encargado de organizar o traballo que cada nivel desenrolará nas aulas .

Está formado por:

Coordinadora	Romero Lago María
Membros	Álvarez Vidal Alba Cabaleiro Martínez Lucía

Obxectivos

- Elaborar os obxectivos e contidos por niveis para a programación didáctica.
- Revisar items de avaliación.
- Revisar, modificar e fixar como modelo guía a ficha de observación do período de adaptación.
- Adecuar a documentación solicitada no período de solicitude de admisión ó protocolo de protección de datos.
- Revisar e modificar , se fora preciso, o modelo de avaliación inicial.
- Tutelar as revisións do Plan de Convivencia e do de Emerxencias.

3. Equipo de dinamización TICs

Está formado por:

Coordinadora	Elena Vázquez Bugarín
Membro	Mª Carmen Rodríguez Figueroa

Obxectivos:

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC do Centro
- Elaborar e actualizar o inventario dos medios existentes.
- Organizar e catalogar a rede informática do centro
- Organizar o mantemento cotiá dos equipamentos informáticos e audiovisuais
- Incrementar e mellorar as instalación e medios Tic do centro
- Dar soporte con medios TIC a actividades organizadas no Centro
- Organizar e xestionar os medios e recursos TIC do centro
- Promover o uso e aproveitamento dos recursos TICs
- Coordinar co asesor da zona e co CAFI.
- Potenciar a formación do profesorado no eido das TICs.
- Potenciar o uso de Abalar móbil como ferramenta de comunicación coas familias.

Actividades:

- Actualización e optimización dos equipos informáticos do Centro
- Elaboración do Plan Dixital de Centro.
- Participación nas tarefas docentes para familiarizar aos alumnos coas TICs.

- Colaboración nos proxectos de formación e innovación educativa baseados nas TIC.
- Participación activa na formación do profesorado no uso e manexo de TIC.
- Actualizar a páxina web do centro.

4. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:

Equipo encargado de organizar e programar as actividades para as diferentes festas, celebracións e actos que se realicen na Escola.

Ó mesmo tempo coordinarase coa ANPA para tratar as pautas directrices nas actividades que organicen e, no seu caso, solicitar a súa axuda.

Está formado por:

Coordinadora	Ferreira Díaz M. ^a Cándida
Membro	Vázquez Bugarín Elena

Obxectivos:

- Elaborar o programa anual de actividades para o que se terán en conta as propostas do claustro na CCP e as familias.
- Proporcionar ás familias a información necesaria das actividades.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica e a asociación de nais e pais.
- Plantexar actividades complementarias en base a saídas e celebracións de festas tradicionais e populares que favorezan visitas ao coñecemento do entorno.
- Colaborar coa comunidade educativa e especialmente coa ANPA para a realización e programación de actividades extraescolares.
- Participar noutras actividades organizadas por entidades locais que axuden a completar a formación do alumnado.

Actividades:

Varias son as actividades: celebracións, conmemoracións, festas tradicionais,... que festexamos.

De todas elas sacamos contidos de aprendizaxe e sería un erro non tratar de afondar nos valores educativos que supoñan en sí mesmas: convivencia, sociabilidade, solidariedade, igualdade,... Programaremos diferentes actividades nas que participaremos tódolos niveis educativos e conxuntamente festexaremos cada celebración.

Calendario de reunións:

O equipo reunirse segundo o calendario de reunións de equipos do centro e con calquera persoa ou entidade tantas veces se precise para coordinar unha actividade, tanto individualmente como de xeito conxunto.

Plan de traballo:

- Recoller información acerca das que poidan interesar ós profesores.
- Recoller información sobre as ofertadas polo concello e outros organismos oficiais e non oficiais.
- Coordinar a súa realización no centro informando aos profesores de todos os aspectos organizativos.
- Coordinar coa ANPA e o Concello aquelas que organizan estes organismos no centro.
- Plasmar na Programación Xeral todas as previstas deixando aberta a posibilidade de participar naquelas que xurdan ó longo do curso e que poidan interesar.

5. Equipo de Biblioteca

A partires deste ano temos un aula acondicionada para utilizala de biblioteca. Elaborouse un Plan de Biblioteca. Ampliado na páxina 27.

6. Equipo de Benestar e Convivencia

A vida de nenos e nenas desenvólvese na escola e na familia; espazos onde compartir vivencias, espazos para a aprendizaxe da resolución pacífica dos conflitos e aprender a convivir, asumir diferenzas, respectar aos outros e dialogar. Así pois, é fundamental a participación de todos os sectores da comunidade educativa (escola, familia, institucións locais e asociacións) en crear un clima de diálogo e colaboración que contribua a mellorar a calidade da educación; o que require un importante esforzo de todos e fai que, a relación entre familias e profesorado deba estar rexida por unha serie de normas baseadas no principio de respecto mutuo.

Este ano, pola Orde do 23 de agosto de 2023, estabécese a figura da persoa coordinadora de Benestar e Convivencia nos centros docentes.

A súas compoñentes son:

Coordinadora	Beatriz Alonso Fariña
Membro	Elena Peña Blanco

6. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

6.1 TRANSPORTE ESCOLAR

Ruta única:					
Entidade que presta o servizo	UTE ESCOLAR LOTE 46				
Nº alumnos usuarios	4º EI: 4	5º EI: 8	6º EI: 8		
Horarios	Entrada: 08:45 Saída: 14:00				
Transporte integrado	Si ☐		Non ☒		

Como é preceptivo por lei, unha mestra encargarse de recibir ós/ás nenos/as á chegada do autobús que aparca fora da escola, acompañalos ata o centro e vixialos na aula de “Usos múltiples” ata a hora de entrada en clase. Así mesmo, unha mestra estará encargada de levar @s nen@s ata o autobús á hora da volta para a casa.

<u>GARDAS DE BUS</u> CURSO 2024/2025					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:40 – 09:00	BEA	BEATRIZ	CÁNDIDA	MARÍA	LUCÍA
13:45 – 14:00	MCARMEN	YOLI	ELE	ALBA	ELENA

ACOMPANÑAMENTO BUS NA SAÍDA:

¡¡ IMPORTANTE!!

* NINGÚN NEN@ QUE ESTÁ NA FILA DO BUS PODE SER SACAD@ DA MESMA OU RECOLLID@ POR ALGÚN FAMILIAR SEN O PERMISO DA DIRECCIÓN DO CENTRO.

* A MESTRA QUE LLE CORRESPONDA SOBRE AS 13:45 RECOLLERÁ AO ALUMNADO QUE MARCHE EN BUS E SEXA USUARIO DO COMEDOR POLAS AULAS.

IRÁN AO XIMNASIO E CANDO CHEGUE A MONITORA ACOMPAÑARÁOS ATA O BUS.

TEN QUE ENTREGARLE O REXISTRO DE NEN@S QUE VAN ESE DÍA CUBERTO POLAS TITORAS.

* UNHA PROFE DE 3 ANOS (EN QUENDAS SEMANAIS) QUEDARÁ NO XIMNASIO C@S NEN@S DE **COMEDOR** E ACOMPAÑARÁ Á MONITORA CANDO VAIAN PARA O COMEDOR.

FARÁ O REXISTRO DE NEN@S QUE VAN ESE DÍA.

6.2 COMEDOR

Instalación: Local cedido polo Concello fora da escola. Está situado en fronte do colexio.						
Entidade que presta o servizo	Arelas catering					
Nº alumnos usuarios	4º EI: 16	5º EI: 18	6º: 14			
Horario de uso	Dende as 14:00h. Ata as 16:00h.					
Nome da persoa responsable	Vanesa Álvarez Alegría					

6.3 PLAN MADRUGA

Instalación: Aula nº 2, aula da biblioteca						
Entidade que presta o servizo	Anias					
Nº alumnos usuarios	4º EI: 8	5º EI: 8	6º EI: 5			
Horario de uso	Dende as 07:45h. ata as 09:00h.					
Nome da persoa responsable	Lucía					

7. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

- Actividades complementarias

FESTAS E CONMEMORACIÓNS QUE DECIDIMOS TRABALLAR A NIVEL DE CENTRO

Actividades	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
• Día da Amizade	01/10/24	4º, 5º, 6º EI	Claustro
• Samaín	30/10/24	4º, 5º, 6º EI	Claustro
• Magosto	08/11/24	4º, 5º, 6º EI	Claustro
• Día Internacional contra a violencia de xénero	25/11/24	4º, 5º, 6º EI	Claustro
• Festa de Nadal	20/12/24	4º, 5º, 6º EI	Claustro
• Día escolar da non Violencia e da Paz	30/01/25	4º, 5º, 6º EI	Claustro
• Entroido	28/02/25	4º, 5º, 6º EI	Claustro
• Día de Rosalía de Castro	24/02/25	4º, 5º, 6º EI	Claustro
• Día Internacional da Muller	08/03/25	4º, 5º, 6º EI	Claustro
• Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo	02/04/25	4º, 5º, 6º EI	Claustro

• Día Internacional do Libro	23/04/25	4º, 5º, 6º EI	Claustro
• Semana das Letras Galegas	Do 13 ao 16/05/25	4º, 5º, 6º EI	Claustro
• Día Mundial do Medio Ambiente	05/06/25	4º, 5º, 6º EI	Claustro
• Festa de fin de curso	18/06/25	4º, 5º, 6º EI	Claustro

Ademais participaremos en distintas actividades relacionadas co **proxecto do uso do galego** na escola. E un ano máis, colaboramos na elaboración da **revista escolar COKIÑA** que como o curso pasado terá un formato dixital.

SAÍDAS ESCOLARES

As saídas escolares programámolas dentro do horario escolar, cada nivel encárgase de programar as súas. Este recurso educativo esperta un grande interese en todo o alumnado ademais de ser unha verdadeira lección didáctica que lle reforzará os contidos estudados.

Saídas previstas por nivel

Nivel 3 anos:

- Saída no outono pola contorna
- Asistencia a unha actividade cultural proposta por Afundación Abanca
- Asistencia a unha función do Festival Internacional de Títeres de Redondela
- Saída ao parque da auga de Mos.

Nivel 4 anos

- Visita a un centro de hípica
- Asistencia a unha actividade cultural proposta por Afundación Abanca
- Asistencia a unha función do Festival Internacional de Títeres de Redondela
- Saídas por programar relacionadas cos proxectos a traballar na aula

Nivel 5 anos

- Asistencia a unha función do Festival Internacional de Títeres de Redondela
- Saída a granxa-escola Kiriko.
- Asistencia a unha actividade cultural proposta por Afundación Abanca
- Saídas por programar relacionadas cos proxectos a traballar na aula
- **Actividades extraescolares**

As actividades extraescolares están xestonadas pola ANPA. Comezan o 1 de outubro. Este ano as actividades extraescolares previstas son as seguintes:

ACTIVIDADE	DESENVOLVEMENTO	HORARIO
TALLER CREATIVO	Desenvólvense as capacidades creativas a través da aprendizaxe de diferentes técnicas plásticas	Luns (16 a 17 horas)
INGLÉS LÚDICO	Traballarase o inglés ofrecendo una ampla gama de recursos didácticos (contos, xogos, etc) para mellorar o seu vocabulario.	Martes (16 a 17 horas)
MULTIDEPORTE	Cada deporte traballarase en sesións coas súas normas.	Mércores (16 a 17 horas)
PEQUEBAILE	Aprenderán coreografías que lles axuden a manter a forma física de xeito divertido	Xoves (16 a 17 horas)
TEATRO	Desenvolve a expresión verbal, xestual e corporal e fomenta a imaxinación e a creatividade	Venres (16 a 17 horas)

8. PLAN ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

Este plan permite prever as posibles situacións de emerxencia , preparar os medios e actuar en consecuencia.

Analízanse os riscos, as medidas de protección e os procedementos de actuación.

8.1. Avaliación do risco.

Pola altura e capacidade do centro, catalógase de Nivel baixo, xa que a altura non supera os 10 metros e a capacidade do alumnado é inferior á 1.000.

Cada unha das aulas ten o seu plan de evacuación nun lugar visible.

Na dirección atópanse expostos copia dos planos do centro nunha escala 1/1000 .

8.2 Medios de protección.

- Extintores

Cada planta ten dous extintores en sitios debidamente sinalados. A maiores, a planta baixa conta cun extintor específico para o cadro eléctrico (atópase o seu carón).

A caldeira da calefacción conta tamén cun extintor. No exterior, no lado dereito da porta, atopamos un interruptor vermello que ó pulsalo desconecta a caldeira

Os extintores son revisados periodicamente pola empresa que se encarga de seu mantemento; do que é responsable o Concello.

- Boca de auga

O edificio conta coa instalación de acometida de auga conectada ó sistema de abastecemento xeral. As chaves de paso de cada planta están sinaladas con carteis e localízanse nos aseos da esquerda de cada planta.

- Sistema de aviso de alarma.

O centro está dotado dun sistema de alarma acústico e visual. Cada planta e debidamente sinalada ten un interruptor para poder dar o aviso de alarma ante calquera incidencia.

O accionar a alarma, actívase unha sirena e acéndese unha luz en cada dependencia da escola

- Chaves das portas de saída

A carón de cada unha das dúas portas de saída do edificio atópanse colgadas de xeito permanente a chave da mesma e a do patio máis próxima a cada unha delas.

- Protección contra roubos

A escola conta cun sistema de alarma conectado a Policía Local. O sistema queda en suspenso durante o tempo lectivo e de limpeza das instalacións.

8.3. Evacuación do centro.

A evacuación farase do xeito máis organizado posible que permita a emerxencia.

Dada a idade do alumnado , é moi importante a intervención directa na evacuación, sobre todo dos máis pequenos.

En cada aula, nun lugar visible farase constar diariamente o número de alumnado que falta ese día, para facilitar o control numérico no caso de evacuación.

Ocupación

O claustro está composto por 10 mestras definitivas e dúas interinas. Nas aulas hai entre 17 e 18 alumnos/as.

O alumnado, dependendo do horario, ocupa diferentes aulas. O horario de todo o profesorado está exposto na Sala de Mestras e cada aula ten o seu horario na porta.

Percorrido

O percorrido de evacuación do alumnado da planta baixa é horizontal. O da 1ª Planta ten o perigo engadido das escadas, e dado as idades dos nen@s precísase dunha atención especial para baixalas.

Supostos de emerxencias.

Caso I: Suposto que as dúas saídas estean libres:

Planta baixa: - Sairán pola porta que da o patio cuberto cara ó exterior, seguindo as liñas amarela e verde.

1ª Planta : Seguirán os percorridos de cores (amarelo e azul) sinalados no chan para saír cara ó exterior pola porta principal :

- As aulas 4, 5 e 6 seguindo a liña azul
- As aulas 7, 8 e 9 seguindo a liña amarela

Caso II: Suposto que algunha das saídas estea bloqueada.

Loxicamente a evacuación efectuaríase pola outra porta.

II.1 Saída ó patio cuberto bloqueada: neste suposto habería que prestar atención prioritaria ás aulas 10 e 11 por estar máis preto da saída bloqueada.

II.2 Saída a rúa da Marisma bloqueada: A prioridade pasaría a evacuar a 1ªplanta, prestando especial atención o nivel de tres anos que está na aula 7 ao final do corredor.

Nos dous supostos os desprazamentos polos corredores deberán respectar as sinalizacións do chan na medida do posible.

Sinalización

Cada planta conta con luces de emerxencia ó longo de cada corredor. Os percorridos de saída atópanse sinalados no chan con bandas de cores (amarelo, azul e verde) e carteis indicativos da situación dos extintores e das saídas.

Cada aula conta cun altofalante da sirena de alarma e unha bombilla que ilumínase sincronicamente ó accionar a alarma. Tamén nun lugar ven visible, cada aula ten un plano co percorrido de evacuación.

Interruptores:

- Electricidade: O cadro xeral de electricidade atópase a esquerda de porta principal segundo se sae á rúa. No local da ANPA, hai outro cadro secundario da electricidade.
- Gasóleo: O centro conta con calefacción a gasóleo. A dereita da porta da caldeira atópase un interruptor vermello que ao pulsalo corta o seu funcionamento .
- Auga: As chaves de paso de cada planta atópanse, no aseo da esquerda, na parede fronte á porta, dentro do baño

Comisión da Evacuación

O principio de cada curso, conformarase unha Comisión da Evacuación. O seus integrantes son:

Coordinadora	Mª Carmen Rodríguez Figueroa
Membro	María Romero Lago Cándida Ferreira Díaz Alba Álvarez Vidal Jessica Pujol Moreno

A comisión reunirase a lo menos en dúas ocasións o longo do curso:

- Nunha primeira xuntanza (no mes de setembro) para revisar os procedementos a seguir no caso dun suposto de emerxencia, avaliación dos medios cos que se conta, detectar posibles carencias ...

Tamén se valorarán, de xeito específico, os seguintes aspectos:

1º -Disposición dos diferentes niveis na escola, prestando atención a localización do nivel de 3 Anos.

2º -Determinación e valoración daqueles casos que presenten unha dificultade engadida por diversas circunstancias e que poidan requirir unha intervención máis personalizada no caso de evacuación. Na medida do posible designar para cada caso o/a mestre/a que se fará cargo da súa evacuación.

Sería axeitado , nun claustro de principio de curso, repasar o procedemento de evacuación

- Na segunda xuntanza faise unha avaliación do simulacro levado a cabo na escola nese curso.

Organización da evacuación

Unha vez activada a alarma de emerxencia, farase inmediatamente a chamada o 112.

As titoras organizan urxentemente en filas os seus alumnos.

Un das mestras que estea libre abre a porta principal (as dúas follas) e corta a electricidade.

Seguidamente espera na porta axudando na evacuación e revisa os baños.

Unha do equipo directivo ou outra mestra que estea na sala de mestras, será a encargada de abrir a porta que da ó patio cuberto e a cancela grande. Seguidamente espera na porta axudando na evacuación e revisa os baños e demais dependencias anexas.

No 1º andar, unha mestra de apoio (o máis preto do fondo do corredor) encargarse de revisar as aulas e os baños para asegurarse de que non queda ninguén no edificio.

O punto de encontro será, nun principio, a zona peonil entre o patio e o edificio da Policía.

Unha vez agrupados farase o reconto do alumnado una vez organizado en filas.

Como xa queda reflectido máis arriba, os da planta baixa fan a evacuación pola porta cara o patio cuberto e os da 1ª planta pola porta principal.

9. PROGRAMA DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO (PFPP)

O profesorado do noso centro está inmerso nun proceso de aprendizaxe continua. Cremos no traballo en equipo e son moitas as iniciativas e actividades que ao longo do curso se coordinan. Partimos da detección de necesidades e buscamos liñas de traballo para poder formarnos e innovar, dando así unha resposta axeitada ao noso alumnado. Polo que asistiremos a diferentes cursos de perfeccionamento que a través do CFR organiza a administración, así como noutros organizados por outras instancias.

ALGÚNS DOS CURSOS SOLICITADOS POLAS MESTRAS DO CENTRO SON:

A radio na escola	
Descrición do programa	Funcionamento da radio a nivel usuario
Tipo	☐ Curso ☒ Grupo Traballo ☐ Seminario ☐ Xornada ☐ Ponencia ☐ Taller
Horas	Temporalización: 20horas
	1º T ☒ 2º T ☒ 3º T ☐
Responsables	CFR
Participantes	10 mestras , 100% Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí ☒ Non ☐
Nome coordinador	Elena Vázquez Bugarín

Nome asesor externo	Obdulia
----------------------------	---------

Ademais :

- Galego para o profesorado
- Planificación do proceso de ensino e aprendizaxe a través de PROENS.
- Técnicas de hacking ético.

10. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BIBLIOTECA

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Lucía Cabaleiro Martínez	1	Educación Infantil
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Beatriz Alonso Fariña		Educación Infantil
Eva Piñeiro Costa		Educación Infantil

- Organización:

A biblioteca do centro abrirase o luns 28 de outubro coincidindo co día das bibliotecas escolares. Estará aberta en horario lectivo de 9.00h a 14:00 e dispoñemos dun horario na porta da mesma no que se distribúen as horas reservadas para cada aula. O cadro de dito horario é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 – 10:00					
10:00 – 11:00	4.B	3.A	5.A	3.B	4.A
11:00 – 11:20	//////	//////	//////	//////	//////
11:20 – 12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO

12:00 – 13:00	3.B	5.B		5.A	4.B
13:00 – 14:00		4.A	3.A	5.B	

A nosa biblioteca permanecerá pechada en horario non lectivo.

O horario establecido para a coordinación é os martes de 13:00 a 14: 00 H, para a coordinadora e os martes pola tarde para reunirse todo o equipo.

- Concreción anual dos obxectivos marcados no Plan de Biblioteca.

Os principais obxetivos son:

-Realizar un rexistro dos contos dun xeito organizado e por temáticas ao longo de todo o curso. Será realizado pola coordinadora de biblioteca, precisando como recurso o ordenador e pegatinas de cores.

-Comezar co uso da mochila viaxeira cos niveis de 5º e 6º de infantil.

Esta actividade levarase a cabo todas as semanas e o equipo de biblioteca será o encargado de preparar as mochilas de cada nivel. Realizaremos este préstamo dende outubro ata abril.

-Realizar alomenos unha sesión de contacontos para todo o centro. A coordinadora encargarse de buscar un contaconto adaptado á esta idade e cun importe que poidamos asumir. Está previsto que se realice entre o segundo e tercer trimestre.

11. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a do Plan Dixital e Polos Creativos	Horas redución	Nivel/Especialidade
Plan Dixital: M ^a Carmen Rodríguez Figueroa	1 hora	Educación Infantil
Polos Creativos: Elena Vázquez Bugarín	1 hora	Audición e Linguaxe
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Plan Dixital: Elena Vázquez Bugarín		Audición e Linguaxe
Polos Creativos: M ^a Carmen Rodríguez Figueroa		Educación Infantil

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo 1: Empregar responsablemente as ferramentas dixitais por parte do alumnado.	
Acción 1	Concienciación dos riscos que supón pasar moito tempo coas tecnoloxías.
Indicador/es	Concienciar do bo uso da tecnoloxía a través dos contos.
Criterio de aceptación	A maioría do alumnado acepte os contos como medio de disfrute e coñecemento
Temporalización	Set ☐ Out ☒ Nov ☒ Dec ☒ Xan ☒ Feb ☒ Mar ☒ Abr ☒ Maio ☒ Xuño ☒ Xullo

Responsable	Mestras											
Recursos/materiais	Contos											
Acción 2	Fomento do xogo ao aire libre											
Indicador/es	Fomentar o xogo no patio											
Criterio de aceptación	A maioría do alumnado prefire o xogo ao aire libre											
Temporalización	Set ☒ Out ☒ Nov ☒ Dec ☒ Xan ☒ Feb ☒ Mar ☒ Abr ☐ Maio ☒ Xuño ☒ Xullo ☐											
Responsable	Mestras											
Recursos/materiais	Xogos de patio											

Acción 1	Reunión para a formación dun grupo de traballo
Indicador/es	Porcentaxe de participación por parte do profesorado.
Criterio de aceptación	A maioría do profesorado anotouse no curso
Temporalización	Set ☐ Out ☒ Nov ☐ Dec ☐ Xan ☐ Feb ☐ Mar ☐ Abr ☐ Maio ☐ Xuño ☒ Xullo ☐
Responsable	Mestras
Recursos/materiais	Convocatoria
Acción 2	Creación dun grupo de traballo para o curso de manexo da radio escolar
Indicador/es	Porcentaxe de coñecemento por parte do profesorado
Criterio de aceptación	A maioría do profesorado manexa a radio escolar
Temporalización	Set ☐ Out ☒ Nov ☒ Dec ☒ Xan ☒ Feb ☒ Mar ☒ Abr ☐ Maio ☐ Xuño ☐ Xullo ☐
Responsable	Mestras
Recursos/materiais	Lugar do curso, infraestrutura para o manexo da radio

Acción 1	Elaboración dunha breve historia acerca dos Títeres de Redondela
Indicador/es	Tarefa desenvolvida e acadada con éxito
Criterio de aceptación	A totalidade do alumnado participou no proxecto
Temporalización	Set ☐ Out ☐ Nov ☐ Dec ☐ Xan ☒ Feb ☒ Mar ☒ Abr ☒ Maio ☒ Xuño ☐ Xullo ☐
Responsable	Coordinadora do Fomento do Uso do Galego
Recursos/materiais	Libros, internet
Acción 2	Intercambio lingüístico a través da webex
Indicador/es	Tarefa desenvolvida e acadada con éxito
Criterio de aceptación	A maioría do alumnado participou no intercambio
Temporalización	Set ☐ Out ☐ Nov ☐ Dec ☐ Xan ☐ Feb ☐ Mar ☒ Abr ☐ Maio ☒ Xuño ☐ Xullo ☐

								☒			☐
Responsable	Coordinadora do Fomento do uso do Galego										
Recursos/materiais	Ordenador, aplicación webex										

Obxectivo 4: Aproveitar as ferramentas interactivas para a comunicación coa comunidade educativa.	
Acción 1	Utilización da aplicación Abalar para a comunicación cotiá coas familias
Indicador/es	A información relevante sempre está a disposición das familias
Criterio de aceptación	Número de familias escollen Abalar como ferramenta de comunicación coa titora.
Temporalización	Set ☒ Out ☒ Nov ☒ Dec ☒ Xan ☒ Feb ☒ Mar ☒ Abr ☒ Maio ☒ Xuño ☐ Xullo ☐
Responsable	Titoras
Recursos/materiais	Aplicación Abalar, móvil
Acción 2	Manter a nova páxina web actualizada e con información accesible.
Indicador/es	A información relevante pode ser atopada na web de forma sinxela e accesible.
Criterio de aceptación	Número de familias que accede á páxina web
Temporalización	Set ☒ Out ☒ Nov ☒ Dec ☒ Xan ☒ Feb ☒ Mar ☒ Abr ☒ Maio ☒ Xuño ☒ Xullo ☐
Responsable	Equipo Tics
Recursos/materiais	Ordenadores, internet

12- ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

12.1 CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Yolanda Parada Torres	1 hora	Educación Infantil
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
M ^a Elena Peña Blanco		Educación Infantil

Atendendo ao Artigo 5 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, elaboramos a addenda do proxecto lingüístico para o curso 2024/2025 atendendo aos seguintes apartados:

- **Resultados obtidos respecto á lingua materna predominante entre o alumnado na EDUCACIÓN INFANTIL:**

Segundo os resultados obtidos na enquisa enviada ás familias, non vinculante trala anulación do Tribunal Superior de Galicia, sobre cal era a lingua materna, o resultado foi maioritariamente o castelán, o galego representa soamente un 26%, sendo curioso que as familias brasileiras escollan castelán. Polo tanto, nesta etapa a lingua vehicular será o castelán, ben que se deberá ter en conta a lingua da contorna se procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites do ciclo. No noso centro o uso do galego será, como mínimo, igual á da lingua castelá. Fomentarase a adquisición progresiva do galego, de xeito que o alumnado adquira unha competencia que lle permita comunicarse en galego.

- ***Situación do profesorado***

No que se refire ó profesorado a maioría dos docentes son castelán falantes. Dos 10 que conformamos a escola só tres son galego falantes.

- ***Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte***

Seguiremos as propostas de mellora do curso anterior como actividades en lingua galega na que participen o alumnado da etapa, profesorado así como as familias.

Contaremos con propostas do departamento de normalización do concello. Elaboración de material didáctico en galego.

Continuaremos coa revista, a web e o Instagram fomentando o galego.

Debido a que estamos nunha contorna onde a lingua maioritaria é o castelán o uso da lingua galega favorecerémola en diversas actividades e situación de aprendizaxe.

12.2 ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

- Festa da Amizade III
- Celebración do Magosto.
- Celebración do Samaín.
- Participación en xogos populares.
- Día de Rosalía.
- Celebración do Entroido.
- Continuación coa Cápsula do tempo proposta polo concello.
- Celebración das Letras Galegas.
- Potenciar as festas populares da nosa contorna: os Maíos e a Coca.
- Seguir achegando a música e danza da contorna: Danza das Espadas,
- Revista escolar Cokiña.
- Web oficial.
- Instagram

Outras actividades que levaremos a cabo son:

- Participación co concello nas proposta que nos ofrece o servizo de normalización.
- Colaboración con outras institucións en actividades conxuntas: CEIP Fermín Bouza Brey de Ponteareas..
- Visitas culturais para fomentar os costumes e as tradicións da cultura galega poñendo especial atención ás do propio concello.

13- CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

13.1 CONSTITUCIÓN DO DO

Nome Xefe/a	
Silvia González Navaza	
Nome membros	Nivel/Especialidade
Elena Vázquez Bugarín	Audición e Linguaxe

13.2 PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

ACCIONES PRIORITARIAS

Para o presente curso escolar 2024/2025 establecemos o seguinte Plan de actuación seguindo o artigo 15º da O. 24/7/98 e centrándonos nas accións prioritarias recollidas na Circular 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa. A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso necesario nunha planificación de accións realista e efectiva. En coherencia coas finalidades da orientación reguladas pola normativa e tras a análise das necesidades da nosa comunidade educativa, fixamos os obxectivos xerais e específicos que van guiar a acción orientadora no noso centro. Estes ámbitos preferentes e as características e necesidades do noso centro, son os criterios que guían o establecemento das accións prioritarias. O desenvolvemento dalgunha delas precisará da continuidade do seu tratamento ao longo de varios anos e, ao ter que responder de xeito prioritario fundamentalmente ás demandas de atención ás necesidades específicas de apoio educativo que puideran presentarse ao longo do curso, é posible tamén que haxa que pospoñer o desenvolvemento doutras a vindeiros cursos.

INCLUSIÓN E DIVERSIDADE

- ⌚ Asesoramento e colaboración ao equipo directivo na actualización do Proxecto Educativo, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial co obxectivo principal de construír unha escola inclusiva.
- ⌚ Participación en plans e programas de carácter inclusivo, plan PROXECTA pertencentes á Consellería de Educación e entidades ou ONGS, en colaboración con diferentes equipos docentes do centro.
- ⌚ Asesoramento, orientación e colaboración coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e Departamento de Orientación na aprobación e/ou revisión e actualización do PXAD.
- ⌚ Elaboración de Programas de prevención e detección de dificultades de aprendizaxe.
- ⌚ Axustar as medidas de apoio educativo a cada alumna ou alumno.
- ⌚ Asesorar aos equipos de nivel e ao profesorado en xeral na elaboración e desenvolvemento das concrecións curriculares, programacións de curso, medidas de reforzo

educativo e nas ACSs e metodoloxías de atención á diversidade de carácter inclusivo.

🕒 Informar e asesorar aos titores/as, mestres/as especialistas, familias e servizos externos sobre as diferentes medidas e recursos de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en función do sinalado na Lei 3/2018 de protección de datos.

ACCIÓN TITORIAL

- 🕒 Dentro do Plan de Acción Titorial: actualización, asesoramento, dinamización
- 🕒 Colaborar cos equipos docentes na dinamización de novas metodoloxías: Traballo cooperativo e metodoloxías que favorezan a inclusión e a atención a grupos moi heteroxéneos.
- 🕒 Colaboración cos equipos docentes na dinamización da CCCC.
- 🕒 Establecemento de canles de coordinación entre os orientadores/as de primaria e da mesma zona, para facilitar o tránsito do alumnado entre etapas educativas.
- 🕒 Colaboración cos equipos docentes na unificación de criterios pedagóxicos en relación a avaliación inicial, aspectos pedagóxicos que favorezan a transición de etapa e coordinación interciclo e internivel.

CONVIVENCIA E EDUCACIÓN EN VALORES

- 🕒 Diseñar e poñer en práctica programas destinados a promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos e mediación colaborando no seguimento e actualización do Plan de convivencia no marco dunha escola plural.
- 🕒 Diseñar e poñer en práctica programas destinados a favorecer a competencia emocional e social do alumnado.
- 🕒 Fomentar a participación e implicación das familias na vida do centro e na educación dos seus fillos.
- 🕒 Proposta de actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos.
- 🕒 Colaboración no protocolo de absentismo escolar.

PLAN DE ORIENTACIÓN, PLAN ANUAL E MEMORIA DO CURSO

- 🕒 Manter actualizado o Plan de Orientación, concretando no Plan Anual as actuacións previstas para o curso.
- 🕒 Realizar a Memoria anual en base ao desenvolvemento do Plan Anual, coas propostas de mellora que procedan para o vindeiro curso
- 🕒 Actuacións referidas á formación permanente, á investigación, á experimentación e á innovación.
- 🕒 Cumprimentar en forma e prazo o DRDADI e o DRDORIENTA

PROCESO DE AVALIACIÓN E CALIDADE

- 🕒 Asesorar á comunidade educativa sobre os procesos de mellora e calidade do sistema educativo.

LIÑAS DE TRABAJO

Dentro do POE estableceranse dúas liñas de traballo fundamentais:

- Optimización do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- A Acción Titorial.

OPTIMIZACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.

Estableceranse accións encamiñadas a:

- ⌚ Identificación e atención temperá de necesidades educativas específicas do alumnado.
- ⌚ Colaborar no proceso de avaliación inicial do alumnado.
- ⌚ Asesorar e colaborar, no ámbito das súas competencias na elaboración do Proxecto Educativo.
- ⌚ Revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo educativo, ordinarias e extraordinarias que estea a recibir o alumno para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar e mellora da inclusión educativa.
- ⌚ Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento e os criterios establecidos na concreción curricular do centro.
- ⌚ Proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materias de cara a avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e a inclusión educativa.
- ⌚ Garantir desde a educación infantil a atención educativa necesaria para a prevención e detección temperá das súas dificultades no desenvolvemento persoal ou de aprendizaxe e o seguimento continuado da súa evolución, co desenvolvemento de programas de estimulación (social, sensorial, psicomotor, cognitivo,...).
- ⌚ Valoración e seguimento do alumnado procedente do estranxeiro ou de situacións sociais desfavorecidas.
- ⌚ Revisión e/ou modificación das medidas de apoio/reforzo que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e/ou de inclusión.

A ACCIÓN TITORIAL

- ⌚ Asesoramento nos aspectos organizativos e de xestión da acción tutorial.
- ⌚ Establecer mecanismos de coordinación entre o profesorado titor e o Departamento de Orientación así como co demais profesorado do centro.
- ⌚ Colaboración cos equipos docentes e demais departamentos no deseño e implantación de medidas que favorezan o desenvolvemento persoal, psicomotor, emocional, social e cognitivo de todo o alumnado, dende o inicio da súa escolarización.
- ⌚ Apoiar a función tutorial do profesorado para facilitar a intervención co alumnado, analizando as necesidades do profesorado titor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción tutorial e o Plan de transición educativo para o alumnado en xeral, e ANEAE en particular.
- ⌚ Apoiar a función tutorial do profesorado mediante charlas e obradoiros para as familias
- ⌚ Asesoramento nos aspectos organizativos e de xestión das sesións da avaliación, co obxectivo de optimizar o mesmo.

13. 3 CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
Planificación da incorporación dos novos/as alumnos/as ó centro.	1. Actividades de acollida: - Presentación do titor. - Coñecemento entre os alumnos. - Exercicios para favorecer a relación e integración do grupo.	

	2. Coñecemento do centro escolar: a) Dependencia de servizos. b) A aula: espazos, material...	1º MES
Coñecemento das características individuais e persoais de cada alumno/a: físicas, intelectuais e psicolóxicas.	3. Actividades para favorecer o coñecemento das normas de convivencia e fomentar o coñecemento, confianza e relación entre compañeiros. 1. Recollida de información sobre o alumnado mediante: - Observación directa e sistemática dos alumnos. - Realización de entrevistas cos pais/ nais. - Análise de tarefas.	1º TRIMESTRE
Identificación de inadaptacións ou problemas de relación.	1. Facer un seguimento da evolución dos alumnos /as. 2. Observar a dinámica escolar. 3. Avaliación continua.	1º TRIMESTRE
Identificación das necesidades educativas especiais: sensoriais, intelectuais, emocionais...	1. Observar sistematicamente ao alumno/a. 2. Analizar a realización de tarefas. 3. Avaliar competencias curriculares.	TODO O CURSO
Seguimento e avaliación dos procesos de aprendizaxe.	1. Avaliar continua e sistematicamente para coñecer a calidade dos procesos de ensinoaprendizaxe e establecer as oportunas correccións.	TODO O CURSO
Acercar ó alumno/a á estrutura escolar	1. Interiorización das normas básicas de convivencia. 2. Favorecer o traballo en grupo realizando actividades colectivas. 3. Favorecer e potenciar o xogo colectivo.	1º TRIMESTRE E TODO O CURSO
Participación das familias.	1. Reunión de inicio de curso. 2. Horas de recepción de pais/nais 3. Implicar ós pais/nais no proceso formativo cando sexa preciso.	TODO O CURSO
Planificación do tránsito da EI á EP	1. Dar a coñecer ó alumnado e ás familias a estrutura escolar. 2. Establecer estratexias para a homoxenización da metodoloxía e actividades entre o último	3º TRIMESTRE

Desenvolver hábitos de traballo persoal e habilidades sociais.	trimestre da EI e o 1º trimestre da EP. 1. Promover a valoración da orde e limpeza na realización de traballos. 2. Valorar o traballo ben feito. 3. Fomentar a autoavaliación . 4. Valorar as opinións dos demais e aceptar unha crítica.	TODO O CURSO
Deseñar situacións de aprendizaxe axeitadas ó nivel madurativo do alumnos.	1. Planificar actividades motivadoras. 2. Crear un ambiente que favoreza a curiosidade e a creatividade.	TODO O CURSO
Contribuir ó funcionamento coordinado do centro.	1. Asistir ás reunións periódicas de coordinación, nivel, departamento... 2. Manter reunións coas profesoras de PT/AL e co orientador. 3. Participar na elaboración do PAT. 4. Participar na programación de festas e conmemoración escolares.	TODO O CURSO

13.4 CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN DO DO

1.-Introdución e xustificación baseada no contexto:

A EEI de A Marisma é unha escola de educación infantil que escolariza alumnado do centro do Concello de Redondela, fundamentalmente. Este alumnado accede diariamente á escola, ben traídos polas propias familias ou ben a través dunha liña de autobuses. A matrícula no curso actual, 2024/25, é de 103 alumn@s. A ratio sitúase nunha media de 17 alumnos/as aproximadamente por aula é de liña 2.

O noso centro acolle a alumnado con necesidade específica de apoio educativo (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade da Educación, e a Orde 8/09/2021 polo que se desenvolve o Decreto 229/11 polo que se regula a atención á diversidade), o que presenta unha grande heteroxeneidade. Este alumnado require, de xeito temporal ou permanente, unha atención educativa específica así coma a adopción de medidas de atención á diversidade tanto ordinarias coma extraordinarias.

1.2 A atención á diversidade

No noso centro plantexámonos que a diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada un dos mestres, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse no proxecto educativo, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo

desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

Así mesmo e partindo do sinalado no D. 229/11 e na Orde do 8 de setembro de 2021, recolleemos a definición de atención educativa á diversidade, como “o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.”

1.3. Concreción da atención á diversidade para o curso 2024/2025

Alumnado matriculado no centro:

Infantil 3 anos

🕒 3 anos A: 17

🕒 3 anos B: 17

Infantil 4 anos

🕒 4 anos A: 17

🕒 4 anos B: 17

Infantil 5 anos

🕒 5 anos A: 18

🕒 5 anos B: 18

Alumnado con NEAE: obxecto de atención por parte de AL:

🕒 3 anos: 1

🕒 4 anos: 7

🕒 5 anos: 12

Alumnado con NEAE en total: 20

Alumnado con NEE: 0

2. Identificación e valoración das necesidades

Toda intervención educativa está baseada na identificación e valoración das necesidades nos tres ámbitos de actuación: alumnado, centro e contorno, para o que queda establecido un protocolo de actuación determinado dende a lexislación educativa.

2.1 Proceso de identificación e valoración (D.229/2011 e O. 8/09/2021)

Concepto de alumnado con necesidade específica de apoio educativo

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Identificación temperá, avaliación inicial e valoración.

1. A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa o antes posible, constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade.

2. A avaliación inicial, nos termos regulados pola consellería con competencias en materia de educación, constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, en xeral, e na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.

3. Ao finalizar cada curso avaliarase o proceso educativo de cada alumna e de cada alumno, especialmente os resultados acadados en función dos obxectivos propostos a partir da avaliación inicial realizada.

4. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado e dos resultados desa identificación e valoración, así como, de ser o caso, da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.

5. Os servizos de Orientación deberán asesorar a totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas que cómpre adoptar e na súa avaliación.

Avaliación psicopedagóxica.

1. A avaliación psicopedagóxica é un proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno familiar, e dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino e aprendizaxe. Terá por finalidade identificar as necesidades educativas que poida presentar o alumnado e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións.

2. A avaliación psicopedagóxica é competencia e responsabilidade da xefatura do Departamento de Orientación, coa colaboración, de ser o caso, dos equipos de orientación específicos. A súa realización axustarase ao establecido pola consellería con competencias en materia de educación. En todo caso, deberá realizarse unha avaliación psicopedagóxica previa ao ditame de escolarización.

3. Os servizos de Orientación deberán deseñar e elaborar os correspondentes protocolos de demanda de avaliación psicopedagóxica. Os procedementos para esa demanda daranse a coñecer á comunidade educativa.

Informe psicopedagógico.

1. Os resultados e conclusións da avaliación psicopedagóxica recolleranse nun informe psicopedagógico no cal deberán figurar a situación evolutiva e educativa da alumna ou alumno, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias, o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe e cantas outras orientacións se consideren oportunas. Este informe xuntarase á documentación que conforma o expediente escolar da alumna ou alumno.

2. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos resultados das avaliacións psicopedagógicas e das medidas propostas, e terán dereito a obter copia do informe psicopedagógico nas condicións que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

Ditame de escolarización

1. O ditame de escolarización para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo realizarase, no caso de que se consideren necesarios recursos extraordinarios de atención educativa ou ben unha modalidade de escolarización distinta da ordinaria, nas seguintes situacións:

- a) Alumnado de nova incorporación ao sistema educativo.
- b) Alumnado que comeza un novo tipo de ensinanzas.
- c) Alumnado para quen se propón un cambio na súa modalidade de escolarización.
- d) Outras situacións de carácter excepcional que a Administración educativa considere.

2. O ditame de escolarización consiste nun informe persoal dunha alumna ou dun alumno elaborado polos servizos de Orientación, no cal se recollerán, cando menos:

- a) As conclusións da avaliación psicopedagóxica.
- b) As orientacións sobre a proposta curricular adecuada e, de ser o caso, sobre os recursos persoais e materiais necesarios.
- c) A proposta de escolarización.
- d) A opinión das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado respecto desa proposta.

3. A elaboración do ditame de escolarización corresponderá á xefatura do Departamento de Orientación, ou ao cargo equivalente nos centros privados concertados, do centro en que está escolarizado/a a alumna ou o alumno ou para o cal solicita a súa escolarización por primeira vez, quen poderá contar, de ser o caso, coa colaboración do equipo de orientación específico correspondente.

4. No caso de cambio de centro escolar, pero dentro do mesmo tipo de ensinanzas, revisárase o último ditame de escolarización e non será necesario elaborar un novo ditame agás que haxa circunstancias que así o requiran ou que o dito traslado supoña, tamén, un cambio na modalidade de escolarización. A revisión e, de ser o caso, elaboración dun novo ditame correspóndelle á xefatura do Departamento de Orientación do centro que recibe a 7 solicitude de escolarización, que requirirá ao centro de procedencia, a través das respectivas dieccións, a información escrita que corresponda.

5. Cando sexa necesario modificar a modalidade de escolarización dun alumno ou dunha alumna ou cando circunstancias especiais así o aconsellen, ademais do ditame de escolarización que elabore a xefatura do Departamento de Orientación do centro correspondente, a xefatura territorial de Educación poderá requirir ao equipo de orientación específico a elaboración dun ditame complementario ao emitido pola xefatura do Departamento de Orientación do centro educativo.

2.2 Identificación das necesidades do noso centro educativo

a) Alumnado

- ⌚ Necesidade de favorecer un bo desenvolvemento integral do alumnado e favorecer o seu autoconcepto e autoestima.
- ⌚ Necesidade de ser respectado, valorado e aceptado por toda a comunidade educativa.
- ⌚ Necesidade da adquisición dun bo dominio dos obxectivos xerais de ciclo e etapa así coma un bo desenvolvemento das competencias básicas.
- ⌚ Necesidade de ser estimulado e recibir unha educación e atención educativa en función das súas necesidades.
- ⌚ Necesidade de participar o maior posible no currículo ordinario.
- ⌚ Necesidade de aceptar a diversidade como factor educativo enriquecedor.
- ⌚ Necesidade da prevención na súa atención educativa.

b) Centro

- ⌚ Necesidade de aceptar a diversidade como factor educativo enriquecedor.
- ⌚ Necesidade de favorecer un bo clima de centro que respecte, valore e acepte á diversidade coma factor inherente ao ser humano.
- ⌚ Necesidade de fomentar a participación activa do profesorado na atención educativa do alumnado en xeral, e do ACNEAE (Alumnado con necesidade específica de apoio educativo) en particular.
- ⌚ Necesidade de establecer uns obxectivos e liñas de actuación con respecto a atención á diversidade.
- ⌚ Necesidade de manter unha relación fluída entre as familias e o profesorado para conseguir unha colaboración que permita responsabilizar a todos duns obxectivos comúns.
- ⌚ Necesidade dunha estreita colaboración e coordinación entre os distintos profesionais do centro con respecto a atención educativa do alumnado (titores, especialistas, Equipo directivo, Dpto. de Orientación).
- ⌚ Necesidade de fomentar o desenvolvemento profesional do profesorado mediante o intercambio de experiencias, formación e innovacións educativas con respecto a atención á diversidade e as necesidades de formación do centro. ⌚ Necesidade dunha boa coordinación interciclo e interetapas.

c) Contorno

- ⌚ Necesidade de fomentar boas relacións, coordinación e colaboración coa comunidade educativa así coma cos servizos externos, centros educativos e as distintas administracións.
- ⌚ Necesidade de fomentar e estimular a participación activa das familias na vida diaria do centro.
- ⌚ Necesidade de fomentar a colaboración e coordinación coas familias do ACNEAE.
- ⌚ Necesidade de informar e comunicar as decisións respecto dos seus fillos/as ás familias do ACNEAE.

3. Determinación dos obxectivos.

3.1 Obxectivo principal (D.229/11 e O.8/09/2021): A atención á diversidade do alumnado coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos nas ensinanzas establecidas na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, 2/2006 do 3 de maio e LOMLOE 3/2020 do 29 de decembro.

3.2 Obxectivos específicos

a) Alumnado

- ⌚ Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
- ⌚ Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro. ⌚ Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

b) Centro

- ⌚ Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagógico, organizativo e de xestión do centro.
- ⌚ Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- ⌚ Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- ⌚ Potenciar a acción tutorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- ⌚ Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.

c) Contorno

- ⌚ As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.
- ⌚ Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
- ⌚ A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.

4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.

4.1 Actuacións dende o centro

Proxecto Educativo.

A LOMLOE 31/01/2020 sinala que o Proxecto Educativo “[...] deberá ter en conta os valores, los obxectivos e as prioridades de actuación. Asimesmo, incorporará a concreción dos

currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ó claustro. No PE inclúese o Plan Xeral de Atención a Diversidade.

Plan de Orientación

O Plan de Orientación nace coa intención de continuar dando forma a un proxecto de actuación e asesoramento permanente ao conxunto da comunidade educativa, (alumnado, profesorado e familias) e de actuar de forma preventiva e temperá no que atinxe ás dificultades de desenvolvemento e/ou aprendizaxe que poden presentar os alumnos e alumnas desde as primeiras idades. Este plan de orientación conforma un epígrafe propio da Concreción Curricular, con especial incidencia no que ten que ver coa orientación académica e coa acción titorial. É por iso polo que o conxunto do plan artículase en dous claros subpláns: o de orientación académica, que se desenvolve mediante o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD); e o Plan de Acción Titorial (PAT).

Plan de acción titorial

Dentro deste plan inclúense actuacións específicas para o alumnado con necesidade específica de atención educativa e as súas familias, así como aquelas outras actuacións que den resposta á diversidade de motivacións, intereses, crenzas e culturas.

➤ Plan de Acolida e Adaptación

o Modificación da Entrevista Inicial

o Revisión do proceso de acolida

Toda a comunidade educativa debe estar involucrada na acolida dun novo membro, tanto alumnado coma profesorado, e disposta a asumir os cambios requiridos para a nova realidade. Para motivar esta participación se fomentará a idea da acolida como un elemento enriquecedor e novidoso que pode proporcionar ó centro un valor engadido. Así mesmo, teranse en conta as medidas educativas que hai que tomar con responsabilidade compartida entre todos os profesionais do centro.

4.2 Medidas ordinarias de atención á diversidade

Enténdese por “medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias” (art.7 D.229/11e art. 41 O.8 de setembro do 2021).

As medidas ordinarias de atención á diversidade son todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural e as características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas.

No noso centro as **medidas ordinarias de atención a diversidade** que se levan a cabo son (D. 229/11e O. 8/09/2021):

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- c) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia.
- f) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

O **reforzo educativo** é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao

alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado tutor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado. O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente, que será arquivado segundo o procedemento establecido polo centro.

g) Programas de enriquecemento curricular (altas capacidades): teñen coma obxectivo lograr un maior desenvolvemento das competencias básicas, con actividades de ampliación, profundización e investigación, para o alumnado con maior capacidade dentro do grupo-aula.

h) Programa de habilidades e competencias sociais: por parte do equipo de Convivencia e do Departamento de Orientación do centro lévanse a cabo diferentes programas nos diferentes ciclos.

4.3 Medidas extraordinarias de atención á diversidade

As medidas extraordinarias de atención á diversidade son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con NEAE que poden requirir modificación significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicarase unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultares estas insuficientes. Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da Inspección Educativa.

Son medidas extraordinarias:

a) A **flexibilización** da duración de ciclos ou etapa: Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.

Por reducción da duración do período de escolarización para o alumnado con altas capacidades intelectuais considéranse as seguintes flexibilizacións:

a) Na etapa de educación infantil:

Redución dun ano escolar para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais, podendo comezar a educación primaria no ano natural en que cumpra os cinco anos de idade. Por ampliación da duración do período de escolarización considéranse as seguintes flexibilizacións:

b) Na etapa de educación infantil: Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. Cando esa ampliación se produza no primeiro ciclo de educación infantil, a incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo

b) **Apoio** do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou en audición e linguaxe: A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario, nas etapas de educación infantil, de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria. O profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e o especialista en Audición e Linguaxe realizarán as seguintes funcións específicas:

a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

b) Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.

c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.

d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.

e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación.

h) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade. O apoio do profesorado especialista en audición e linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.

A atención docente directa por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagógico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea. Da atención excepcional fóra da aula á que se refire o parágrafo anterior, exclúense as intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado. Neste caso, esas intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo.

Os programas de intervención, deberán considerar, cando menos:

a) As competencias adquiridas e as necesidades educativas que presentan a alumna ou o alumno, que deben constar no informe psicopedagógico.

b) O currículo de referencia da alumna ou do alumno. De tratarse de alumnado con adaptación curricular, deberá considerar o currículo adaptado.

- c) O enfoque metodolóxico do profesorado de apoio en relación co que aplica o profesorado da área ou da materia na que o alumnado recibe o apoio.
- d) A coordinación co profesorado titor e co profesorado da área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio.
- e) O seguimento e a avaliación do programa, que incluírá indicadores de avaliación. A información obtida deses procesos daralla a coñecer o profesorado de apoio ao equipo docente, cando menos, nas sesións de avaliación.

Ao finalizar o curso escolar, e tomando como fonte os informes de apoio de fin de curso de cada alumna ou alumno, o profesorado de apoio elaborará unha memoria na que incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Cantidade de alumnado ao que apoiou ao longo do curso, con indicación da ensinanza e do nivel educativo.
- b) Valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas ou das materias nas que realizou as intervencións de apoio.
- c) Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.
- d) Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora, de ser o caso. A memoria entregáraselle á xefatura do departamento de orientación para a incluír, como anexo, na memoria anual dese departamento.
- d) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo: neste caso é necesario consultar o art. 62 da Orde 8 de setembro do 2021.

5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

a) Medidas ordinarias:

- 🕒 Apoios do mestre titor na súa aula: O/A mestre/a titor/a leva a cabo un reforzo educativo do alumnado da súa aula naquelas áreas ou materias nas que o alumnado presenta maiores dificultades na adquisición de aprendizaxes.
- 🕒 Profesorado con dispoñibilidade horaria: establecerase segundo as necesidades do alumnado e a organización horaria do profesorado do centro.

b) Medidas extraordinarias:

Criterios prioritarios de intervención do profesorado de apoio (PT/AL) Os apoios de especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe serán priorizados do seguinte xeito:

Tomarase a decisión de intervención con algún alumno/a unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica (momento de detección das NEAE), posteriormente, decidírase a pertinencia da intervención do profesorado especialista de PT/AL (D.120/98 e o.24/7/98).

1. Atenderase ao alumnado con necesidades educativas especiais, diagnosticados polo Equipo Específico de Orientación, Saúde Mental e/ou organismos correspondentes, teñan ou non unha A.C.

2. Atenderase ao alumnado con A.C.

3. Continuarase cos apoios iniciados, no eido de poñer en práctica medidas de detección temperá preventivas.

Novas valoracións: cabe sinalar que para a atención do alumnado con ACNEAE valoradas no curso escolar no que nos atopemos (novos casos) se seguirá o criterio de maior necesidade ou ben maior gravidade, restructurando a organización dos apoios pedagóxicos, se é necesario.

Funcións do Departamento de Orientación (D. 120/98, O. 24/7/98 e O. 22/7/97)

➤ Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial dos centros, así como coordinalo profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para enfrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersoal ou a transición á vida profesional.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e en calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

Funcións da Xefatura do Dpto. de Orientación:

- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento.
- Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.
- Participar na elaboración do proxecto educativo e do proxecto curricular de etapa, representando o departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- Convocar e presidir as reunións do departamento conforme o procedemento que se estableza.
- Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento que se estableza.
- Facilitar a colaboración entre os membros dos departamentos de orientación implicados.
- Coordinar, en colaboración co profesor ou profesora de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ó xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.

Funcións da Comisión de Coordinación Pedagóxica:

- Elevar propostas ó claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.

- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular incluídos no proxecto curricular.
- Propoñer ó claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación. ➤ Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- Canalizar as necesidades de formación do profesorado cara ó centro de Formación Continuada do Profesorado.
- Realizar, de ser o caso, a proposta ó xefe de estudos co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- Propoñer aos profesores que han de formar parte do equipo de normalización lingüística.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN:

A LOMLOE 31/01/2020, sinala que é preciso o “esfuerzo compartido de toda a comunidade educativa” por iso é moi necesario poñer en práctica diferentes mecanismos de coordinación e colaboración dos diferentes profesionais que participamos na atención educativa do alumnado.

7.1 MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS

Esta coordinación realizarase de xeito oral en calquera momento da xornada escolar, ou ben, en reunións con carácter oficial sempre que sexa necesario.

Os principais aspectos que se van tratar nestas reunións son os seguintes:

◆ Interetapas: Coordinación entre titores/as das diferentes etapas.

Temporalización: En setembro

- 🕒 Características e evolución do alumnado na etapa.
- 🕒 Características e evolución do Alumnado con ACNEAE na etapa.
- 🕒 Medidas de atención á diversidade adoptadas.
- 🕒 Documentos de AC.
- 🕒 Materiais e recursos utilizados no Reforzo educativo.
- 🕒 Normas de convivencia e problemas de conduta.
- 🕒 Criterios metodolóxicos utilizados (co alumnado en xeral co ACNEAE en particular).
- ◆ Titores/as cos Mestres/as Especialistas

Temporalización: Segundo as necesidades

- 🕒 Características e evolución do alumnado da aula.
- 🕒 Características e evolución do Alumnado con ACNEAE.
- 🕒 Medidas de atención á diversidade adoptadas.
- 🕒 Normas de convivencia e problemas de conduta.
- ◆ Titores/as co Departamento de Orientación: Mestras de apoio. Coordinación entre os titores/as e a mestra de AL

Temporalización: Segundo as necesidades

- 🕒 Características e evolución do Alumnado con ACNEAE.
- 🕒 Medidas de atención á diversidade adoptadas.
- 🕒 Documentos de AC.
- 🕒 Materiais e recursos utilizados no Reforzo educativo e nas AC.
- 🕒 Criterios metodolóxicos utilizados co ACNEAE.
- ◆ Titores/as co Departamento de Orientación: Xefe/a do Departamento de Orientación. Coordinación entre os titores/as e o/a Xefe/a do D.O.

Temporalización: 2 (1º e 3º trimestre) e segundo as necesidades

- 🕒 Características e evolución do Alumnado con ACNEAE e seguimento.
- 🕒 Características do contorno socio- familiar de relevancia e seguimento.
- 🕒 Medidas de atención á diversidade adoptadas e seguimento.
- 🕒 Seguimento da AC e do RE.

- ⌚ Materiais e recursos utilizados e seguimento.
- ⌚ Criterios metodolóxicos utilizados co ACNEAE e seguimento.
- ⌚ Detección de novos casos e proposta de estudio de estes.
- ◆ Departamento de Orientación: Coordinación entre a mestra de AL co o/a Xefe/a do D.O.
- Temporalización: Unha vez á semana e segundo as necesidades
- ⌚ Seguimento do Alumnado con ACNEAE.
- ⌚ Características do contorno socio- familiar de relevancia e seguimento.
- ⌚ Medidas de atención á diversidade adoptadas e seguimento.
- ⌚ Seguimento das AC e dos RE.
- ⌚ Materiais e recursos utilizados e seguimento.
- ⌚ Criterios metodolóxicos utilizados co ACNEAE e seguimento.
- ⌚ Detección de novos casos e proposta de estudio dos mesmos.
- ◆ Departamento de Orientación co Equipo directivo: Coordinación entre o equipo directivo (especialmente Director/a e Xefe/a de Estudos co o/a Xefe/a do D.O.
- Temporalización: segundo as necesidades
- ⌚ Seguimento do Alumnado con ACNEAE.
- ⌚ Características do contorno socio- familiar de relevancia e seguimento. ⌚ Medidas de atención á diversidade adoptadas e seguimento.
- ⌚ Elaboración de documentos e seguimentos.
- ⌚ Organización dos horarios de atención ao ACNEAE.

8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

O PXAD favorecerá a participación activa e cooperativa por parte de todos os axentes educativos implicados no mesmo. Para unha mellor coordinación e seguimento de dito plan, establécense os seguintes criterios:

Criterios de colaboración coas familias

1. Reunións titores/as coas familias:

Cada ciclo establecerá na súa programación de ciclo e de aula unha serie de reunións con carácter ordinario, tal coma as reunións informativas ao inicio do curso escolar, coma reunións de carácter extraordinario, segundo as necesidades da aula ou do alumno en particular. Así mesmo os titores/as poderán realizar unha reunión trimestral coas familias para informalas de aspectos relevantes do proceso de ensinanza/aprendizaxe do seu grupo clase.

2. Entrevistas/reunións persoais titores/familias:

As reunións ou entrevistas realizaranse no caso de:

- ⌚ Solicitud por parte da familia.
- ⌚ Iniciativa do mestre/a titor/a ante a observación de determinadas sinais de alarma ou da decisión tomada polo equipo docente.
- ⌚ Iniciativa do Dpto. de Orientación ante a detección de posibles NEAE.
- ⌚ Iniciativa da Xefatura de Estudos ante o consenso por parte do equipo docente.
- ⌚ Iniciativa da Dirección do centro ante determinadas dificultades de conduta.

3. Entrevistas D.O. coas familias

Tras a entrevista mantida polo mestre/a titor/a coas familias, ben pola necesidade que observa o titor/a ou ben pola solicitude da familia, o/a Xefa do D.O. e mestra de AL (segundo as necesidades) realizarán unha reunión conxunta, co obxectivo de asesorar e orientar as familias respecto daqueles temas de carácter relevante para o mellor evolución e desenvolvemento escolar, persoal, social, emocional,... do alumno/a do centro.

Criterios de colaboración cos servizos externos

Con carácter xeral, valórase a importancia da colaboración cos servizos externos, realizándose unha colaboración e coordinación activa segundo as necesidades do alumnado do noso centro.

Equipo de Orientación Específico:

Colaboración activa no proceso de identificación, valoración das NEAE e asesoramento e orientación na atención educativa, con carácter vinculante.

Servizos do SERGAS: segundo as necesidades. Con carácter vinculante.

Servizos Sociais: Colaboración activa no proceso de atención ao alumnado e as súas familias, asesoramento na atención educativa e información bidireccional do alumnado obxecto de axuda por parte deste servizo. Colaboración en todo o proceso educativo que realicen dende Servizos Sociais. Con carácter vinculante.

Servizos Externos (gabinetes, asociacións): Realizarase, con carácter xeral, unha reunión anual do Departamento de Orientación con estes servizos así coma unha coordinación vía telefónica cando sexa preciso.

Os gabinetes psicopedagóxicos externos terán unha función unicamente colaborativa e informativa na atención educativa do noso alumnado, non tendo criterio psicopedagóxico vinculante nas decisións educativas tomadas no centro para o alumnado que recibe os seus servizos.

Realizarase un seguimento da atención educativa recibida, tendo en conta o Programa de Intervención aportado na solicitude de BECA entregada no mes de setembro por parte do Equipo Directivo, Xefa do DO, AL, mestre/a titor/a, unha vez ao trimestre presencial, vía email ou ben vía telefónica cando sexa preciso.

9. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

O seguimento e a avaliación de todos os elementos do plan constitúen un proceso básico no axuste e na mellora da atención á diversidade. Este Plan Xeral de Atención a Diversidade é un documento flexible, aberto as modificacións que xurdan.

9.1 Avaliación inicial Ao inicio do curso o D.O. elaborará unha concreción do PXAD para ese ano escolar, solicitando información significativa ao equipo docente de cada ciclo así coma a CCP e Equipo directivo con respecto a atención á diversidade, que permita coñecer o punto de partida e establecer obxectivos anuais de referencia.

9.2 Avaliación final Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o D.O. elaborará a correspondente memoria do plan xeral de atención á diversidade, co obxectivo de verificar o grao de consecución dos obxectivos, de realización das accións e de satisfacción dos destinatarios previstos establecendo, e de ser o caso, establecerá as pertinentes propostas de mellora. Así mesmo a Comisión de Coordinación Pedagóxica informará ao Claustro sobre o desenvolvemento e seguimento do PXAD, realizando as propostas de mellora en función dos resultados obtidos. Esta memoria incorporarase á memoria do departamento de orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.

9.3. Criterios de avaliación do PXAD

⌚ Valorar a aplicación do plan e a súa eficacia.

⌚ Valorar a aplicación dos principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.

⌚ Valorar a toma de decisións respecto das medidas de atención á diversidade adoptadas en cada curso escolar para o ACNEAE.

⌚ Valorar a organización dos apoios pedagóxicos realizados durante o curso escolar. ⌚ Valorar a participación do equipo docente na atención ao ACNEAE.

⌚ Valorar a implicación, orientación e asesoramento do Departamento de Orientación no proceso de atención á diversidade.

⌚ Valorar o grao de cooperación e colaboración do equipo docente do ACNEAE entre sí.

⌚ Valorar o grao de cooperación e colaboración das familias do ACNEAE co/a mestre/a titor/a, equipo docente e Departamento de Orientación.

- ⌚ Valorar o grao de colaboración e cooperación cos servizos externos do/a mestre/a titor/a, equipo docente e Departamento de Orientación.
- ⌚ Valorar o desenvolvemento de novas formas organizativas, metodolóxicas, programas ou obradoiros desenvolto durante o curso escolar que favorezan a atención á diversidade. ⌚
- Valorar o desenvolvemento da acción tutorial.
- ⌚ Valorar a formación do profesorado con respecto a atención á diversidade.

14. TALLERES DA ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE

Os talleres de Estimulación Linguaxe teñen como finalidade o desenvolvemento da linguaxe e a prevención de dificultades. É fundamental que o desenvolvemento da linguaxe oral sexa un dos principais obxectivos na etapa de infantil, xa que é o instrumento principal de aprendizaxe, de regulación da conduta e da manifestación de vivencias, sentimentos, emocións, ideas, etc.

Os obxectivos xerais destes talleres son:

- Preparar ao alumnado para a adquisición do proceso lecto-escritor
- Previr posibles dificultades tanto da linguaxe oral como escrita.
- Diminuír as dificultades que xa puideran existir.

1-Obxetivos

- Adquirir unha correcta articulación dos máximos fonemas posibles.
- Desenvolver unha correcta conciencia fonolóxica.
- Mellorar a memoria secuencial auditiva de elementos.
- Adquirir unha correcta discriminación auditiva.
- Aumentar o vocabulario.
- Tomar conciencia da respiración.
- Asociar fonema-grafema.
- Promover unha boa psicomotricidade fina.
- Traballar a grafomotricidade de forma lúdica.
- Traballar os procesos psicolóxicos básicos mediante o xogo.

2-Contidos

- Fonemas
- Puntos de articulación
- Respiración
- Asociación grafema- fonema
- Rimas, discriminación auditiva, conciencia fonolóxica.
- Vocabulario básico da vida cotiá.
- Pinza e coordinación óculo manual.

- Atención, percepción e memoria.

3-Actividades

- Actividades lúdicas e manipulativas.
- Cancións.
- Xogos de mesa, xogo simbólico e xogos de lóxica.
- Actividades por fonemas.

4- Metodoloxía

A metodoloxía a seguir serán pequenos talleres de 3, 4 ou 5 nen@s e rotativos. Durante a sesión farán 2- 3 actividades ou xogos. Nestas tres actividades trabállanse os contidos anteriores. Tamén faranse actividades en gran grupo, e actividades especiais en momentos como o Nadal, o Samaín...

5-Temporalización

Os talleres desenvolveranse martes e xoves cunha duración dunha hora semanal. Acudirán os nen@s de 4 e 5 anos

Adicaremos cada semana a traballar un fonema/grafema. Comezaremos polas vogais, e introduciremos as consoantes seguindo a orden proposta por Laura Bosch e Jacobson.

Así remataremos de ver tódolos fonemas a mediados do mes de Maio.

6- Recursos/materiais

- Materiais de elaboración propia.
- Materiais manipulativos.
- Material multisensorial.
- Xogos de mesa cooperativos
- Xogos de mesa tradicionais.
- Pantalla dixital e tablet.

7- Avaliación

Segundo o decreto 150/2022 a avaliación será global, continua e formativa. A observación será o principal método de avaliación.

Calquera dificultade que atopemos nos talleres se informará a persoa titora para poder así facer un seguimento do alumnado.

ESTE PROXECTO SERÁ AVALIADO AO FINALIZAR CADA TRIMESTRE PARA VALORAR SE SE ESTÁN CUMPRINDO OS OBXECTIVOS PROPOSTOS E SE CONSIDERAMOS, QUE SON NECESARIAS, FACER MODIFICACIÓNS PARA OS SEGUINTE TRIMESTRES.

15. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a benestar e convivencia	Nivel/Especialidade
Beatriz Alonso Fariña	Infantil
Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
Elena Peña Blanco	Seleccione

OBXECTIVOS DO PLAN QUE SE PRETENDEN ALCANZAR PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA.

A.- OBXECTIVO XERAL. Favorecer a mellora da convivencia no Centro e na comunidade educativa, a [igualdade](#) de homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

B.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

Efectuar un diagnóstico preciso da realidade escolar no terreo da convivencia e plantexar propostas de actuación (prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos) para fomentar a convivencia.

- Sensibilizar sobre a importancia do fomento da convivencia escolar, prevención e resolución de conflitos a todos os membros da Comunidade Educativa.
- Mellorar o grado de aceptación e cumprimento das normas da escola.
- Establecer un marco de referencia para a organización e funcionamento que facilite e mellore as relacións, a comunicación, a participación e implicación de todos os membros da comunidade educativa (profesorado, familias, persoal non docente) na convivencia.
- Fomentar a participación, a responsabilidade do alumnado e desenvolver a capacidade de autorregulación emocional para responder de forma apropiada ás situacións que se presenten.
- Fomentar valores democráticos como a [solidaridade, tolerancia, colaboración e o respecto a outras ideas e persoas](#); desenvolvendo dun espírito crítico.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Previr o absentismo escolar e mellorar a puntualidade.
- Considerar a convivencia como un medio educativo a traballar, non como unha mera aplicación de medidas disciplinarias.

ACTUACIÓN, MEDIDAS E PROGRAMAS CARA A MELLORA DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

Alcanzar os obxectivos anteriores require promover a investigación sobre o estado actual da convivencia na escola; esclarecer e valorar cales son os principais conflitos ou alteracións da convivencia no centro; as causas, como inflúen na vida do centro; que necesidades se detectan...

A continuación clarificar conceptos para evitar confusións, determinar consensuadamente as normas de convivencia na aula e na escola. E a partir de aquí, analizar as actuacións, elaborar protocolos de notificación e actuación e establecer a colaboración con outras institucións.

Na escola pretendemos favorecer ACTITUDES como:

- Comprender o fomento dunha boa convivencia como oportunidade para a mellora xeral do centro e do desenvolvemento integral do alumnado.
- Desenvolver habilidades sociais propias de contextos de traballo COOPERATIVO: respecto ao outro, diálogo, participación, intercambio, axuda e cooperación.
- Implicar ás familias nos procesos de decisión relativos á convivencia na escola.
- Respecto aos dereitos humanos.
- Responsabilidade e reflexión sobre as consecuencias dos nosos actos.

Polo tanto, INICIATIVAS útiles para mellorar a convivencia son:

- Reforzar a disciplina. A disciplina concíbese como un medio para a formación da persoa e a consecución dos obxectivos do Centro. Constituirán faltas de disciplina todas as accións que atentan contra: o normal funcionamento da vida escolar; o respecto a calquera membro da comunidade educativa; o traballo escolar e a conservación do material e as instalacións.

- Consensuar normas e unificar criterios de actuación.
- Favorecer o traballo cooperativo.
- Facilitar a participación das familias na xestión do centro.
- Colaborar con outras institucións, mellorar as relacións entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- Mellorar as condicións de traballo e os recursos.
- Formar ao profesorado sobre a resolución de conflitos.
- Adaptar o currículo ás necesidades educativas do alumnado.
- Ter claramente tipificadas as infraccións.

Cada curso nas nosas liñas de actuación buscamos:

1.- Mellorar a comunicación coas familias e conseguir que se conciencien máis da importancia das reunións cos mestres/as dos seus fillos.

2.- Promover as condutas positivas e de autocontrol a través de talleres de dramatización nas aulas, aproveitando festas, días sinalados ou acontecementos diarios...

3.- A vixilancia activa nos tempos de recreo para cortar posibles condutas negativas e dar propostas de resolución do conflito.

4.- Celebracións ao longo do curso: Día escolar da non violencia e da Paz, Día Internacional contra a violencia de xénero , Día Internacional da muller,... que aproveitaremos para remarcar as boas prácticas de conduta e respecto entre todos.

Coa finalidade de unificar o máximo posible os criterios a seguir en canto a disciplina, orden e ambiente agradable, ao comezo de cada curso no claustro danse as orientacións de como actuar en entradas, saídas, recreos..., co fin de recordar ditas normas ao profesorado antigo e dalas a coñecer ao de nova incorporación. Así como tamén na reunión inicial de principio de curso coas familias, danse a coñecer as normas de organización e funcionamento da escola.

Para as accións a levar a cabo para cada obxectivo deberase ter en conta o seguinte:

- Actividades do plan de acollida.
- Actividades para a adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo.
- Actividades para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso.

PROGRAMAS DE CARA A MELLORA DA CONVIVENCIA:

- Plan de acollida.
- Plan de atención a diversidade.
- Plan de acción tutorial.

16. CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDAD

🕒 OBXECTIVOS XERAIS

1. Desenvolver prácticas educativas que identifiquen os estereotipos sexistas existentes en diferentes ámbitos da comunidade escolar para así poder eliminalos, de forma que favorezan nas nenas e nenos un desenvolvemento persoal satisfactorio e unha convivencia pacífica e igualitaria ; con valores encamiñados á igualdade de oportunidades entre ámbolos dous sexos para que se traslade ao resto da sociedade.
2. Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo.
3. Seguir avanzando no uso de formas e expresións verbais non sexistas nos contextos comunicativos (aulas, claustro, tutorías con familias,...)
4. Consolidar unha linguaxe coeducativa escrita en todos os documentos do centro: cartas, comunicados, plans, proxectos,...
5. Exemplificar co noso traballo diario, unha actitude coeducadora.
6. Identificar e difundir materiais de referencia para realizar unha orientación vital libre de prexuízos.

🕒 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Desenvolver progresivamente a autonomía na realización de actividades habituais, por medio do coñecemento e dominio crecente do propio corpo, da capacidade de asumir iniciativas e da adquisición dos hábitos básicos de coidado da saúde e o benestar. - Rexeitando o dominio dun sexo sobre o outro.

2. Formar unha imaxe positiva de si mesmo e construír a súa propia identidade por medio do coñecemento e a valoración das características persoais e das propias posibilidades e límites.
 - Evitando dar distinta importancia das condutas infantís dependendo do sexo.
3. Establecer relacións positivas satisfactorias, expresando libremente os seus propios sentimentos, así como desenvolver actitudes de axuda e colaboración mutua, e de respecto as diferenzas individuais.
 - Evitando agrupamentos por sexos e un reparto de roles estereotipado.
4. Intervir na realidade inmediata cada vez mais activamente e participar na vida da súa comunidade.
 - Ofrecendo modelos de homes e mulleres que desempeñen funcións non estereotipadas.
5. Observar e explorar a súa contorna inmediata, para ir coñecendo e buscando interpretacións dalgúns fenómenos e feitos mais significativos.
 - Facilitando o uso sen discriminación por sexo de calquera material.
6. Utilizar unha linguaxe verbal cada vez mais adecuada as diferentes situacións de comunicación para comprender e ser comprendido polos outros e para regular a actividade individual e de grupo.
 - Procurando que o alumnado defenda os seus propios gustos, ideas e criterios, independentemente do seu sexo.
7. Desenvolver a capacidade de representar de forma persoal e creativa distintos aspectos da realidade vivida ou imaxinada e expresalos a través das posibilidades simbólicas do xogo e outras formas de representación e expresión habituais.
 - Eliminando as diferenzas de xogos en función dos roles estereotipados de cada xénero.
8. Coñecer e nomear as emocións, como paso previo á expresión das mesmas.
 - Consolidando unha linguaxe coeducativa .
9. Utilizar e formar na aplicación de destrezas sociais e comunicativas que permitan a resolución positiva de conflitos.
10. Dar a coñecer modelos diversos de relacións positivas.

MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

🕒 ORGANIZACIÓN DE CENTRO

1. Seguir actuando dende a Comunidade Educativa, a través do Claustro do Profesorado e a Comisión de Convivencia Escolar, en relación a informar, avaliar e intervir en asuntos e temas relacionados coa igualdade de xénero.
2. Revisar e impulsar a utilización dunha linguaxe non sexista nos documentos do centro escolar e circulares informativas dirixidas á comunidade educativa, así como na vida diaria da escola.
3. Formación e participación das familias a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades
4. Coordinación coa contorna tanto no relativo aos recursos existentes, como na difusión das actividades cunha finalidade transformadora.
5. A coeducación estará presente no Proxecto Educativo e na PXA como marca de identidade do centro mediante os seus diferentes plans e proxectos.
6. Visibilizar e dar a coñecer o Plan de Igualdade do Centro.

🕒 ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

- Revisión de todo tipo de material que usamos na transmisión de coñecementos e valores para adaptalo correctamente aos obxectivos do presente Plan de Igualdade (uso da linguaxe inclusiva, uso de imaxe, visualización da diversidade, ...)
- Utilización, nas diversas celebracións e festivais, de mensaxes e músicas con letras 11 que reforcen o valor da igualdade e o respecto á diversidade.
- Identificar mensaxes, imaxes , publicidade,... que incitan a hipersexualización das nenas e á fortaleza física dos nenos e amosar alternativas a toda a comunidade educativa que teñan en conta a diversidade familiar, de xénero, de orientacións...
- Fomentar o xogo no que os coidados sexan co-responsables, as cores inclusivas e as palabras de apoderamento feminino.
- Realizar campañas de sensibilización entre as familias: obradoiros, charlas, recomendacións nos mandatos, guías de xogos e xoguetes non sexistas; guías de contos e lecturas igualitarias, ...
- Investigar cales son os estereotipos de xénero, como nos constrúen e como liberarnos deles. Difundir os resultados das nosas investigacións entre a comunidade educativa e a contorna local con charlas, campañas de sensibilización, exposicións, ...

🕒 XESTIÓN DE ESPAZOS E RECURSOS

O noso centro fará melloras dentro da xestión dos espazos mediante a estruturación dos espazos de lecer para:

- Garantir que os diferentes intereses do alumnado teñan o seu propio espazo.
- Evitar monopolios nos patios de determinados xogos.
- Favorecer o uso das habilidades sociais en contextos funcionais.
- Formar ao alumnado en estratexias de mediación e resolución de conflitos.

🕒 CONMEMORACIÓNS E ACTIVIDADES ESPECÍFICAS

- 20 de novembro: “Día Internacional dos dereitos da Infancia”
- 25 de novembro: Día internacional para a Eliminación de Violencia de Xénero.
- Nadal: xoguetes non sexistas e non violentos.
- 30 de xaneiro: Día da Paz e a non violencia.
- 11 de febreiro: Día Internacional das mulleres e as nenas na ciencia.
- 8 de marzo: Día Internacional das Mulleres.
- 23 de abril: Día do libro. Contos e literatura coeducativa.

🕒 INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

- Inclusión nas aulas de libros coeducativos, xogos e xoguetes que promovan os coidados e a diversidade e que sexan usados por nenos e nenas.
- Promover o traballo titorial en torno ao coñecemento das emocións propias e alleas, da empatía, da solidariedade, dos afectos e facilitar a actitude activa ante as desigualdades, inxustizas ou calquera tipo de violencia.
- Xestionar os conflitos dende o bo trato, os afectos e a empatía tratando de introducir metodoloxías de disciplina positiva para previlos e intervir sobre eles.
- Promover a co-responsabilidade e a cooperación nas tarefas de coidado da contorna (aulas, patio, medio natural, etc) así como en actividades no patio, no comedor, nos corredores, nos baños.

17. PLURILINGÜISMO

XUSTIFICACIÓN E FUNDAMENTACIÓN DO PROXECTO

A etapa de Educación Infantil supón o inicio do proceso de adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. Neste real decreto, estas competencias clave foron adaptadas ó contexto escolar, así como os principios e fins do sistema educativo establecidos na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Entre esas competencias están:

- Competencia na comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.

O propósito da área de linguaxe no currículo de EI é contribuir a mellorar a relación entre o alumnado e o medio a través das linguas como expresión de comunicación e representación.

A necesidade e o desexo de interactuar co entorno é o motor que posibilita a evolución das destrezas comunicativas. O coñecemento dunha lingua está unido a súa competencia comunicativa, valorándose tanto a capacidade de comunicación oral coma a xestual.

Tendo en conta as teorías psicolingüísticas e psicoevolutivas actuais pódese afirmar que:

- O desenvolvemento da linguaxe segue uns estadios evolutivos comúns a tódolos individuos e existen “uns períodos sensibles” nos cales a aprendizaxe da lingua se realiza con mais destreza e facilidade.
- A comunicación non-verbal cobra grande importancia nos primeiros momentos de adquisición dunha lingua. A adquisición de estratexias de comunicación van moi por diante da capacidade de articular frases.
- A interacción social é fundamental para a adquisición lingüística.

Destas afirmacións despréndese que é moi aconsellable introducir a lingua estranxeira en idades temperás, xa que os nenos e nenas se atopan dentro do “período sensible” de aprendizaxe da lingua. Na Educación Infantil, esta aprendizaxe deben ser o mais natural posible con actividades concretas e tanxibles, relacionadas co movemento e manipulativas, onde a expresión corporal constitúa un recurso fundamental que conecta directamente coa comunicación non-verbal. Estará centrado en quen aprende, na potenciación das súas capacidades e na capacidade de aprender.

Na nosa comunidade xa existen dúas linguas co-oficiais, co que os cativ@s xa están afeitos a que para un mesmo feito/cousa pode haber distintas maneiras de expresalo. Ademais a introdución dunha lingua estranxeira axudará aos nenos e nenas a acercarse e entender outras culturas e formas de pensar, a valorar as súas linguas propias, e a ser mais flexibles e tolerantes.

A escola está adscrita ao CEP Santa Mariña que é un colexio plurilingüe, o que permite dar continuidade ao noso proxecto.

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución
Yolanda	1 hora
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/Especialidade
M ^a Carmen Rodríguez Figueroa	Infantil

- Seccións Plurininfantis

Durante o curso académico 2024/2025 o programa plurininfantil implantarase simultaneamente nos tres niveis do segundo ciclo de EI.

Este Proxecto Plurininfantil segue as liñas de concreción curricular do centro e implica a necesaria colaboración entre as titoras, a mestra de inglés e a mestra deste proxecto á hora de compartir obxectivos, secuenciar os contidos que se van traballar e delimitar os instrumentos e criterios de avaliación.

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Nº alumnado nova incorporación	Teñen autorización por escrito dos pais	Materias	Lingua estranxeira
4º EI	2	34	34	Sí ☒ Non ☐	Psicomotricidade	Inglés
5º EI	2	34	3	Sí ☒ Non ☐	Música	Inglés
6º EI	2	36	1	Sí ☒ Non ☐	Rutinas	Inglés

- Auxiliar de conversa

A auxiliar de conversa a temos compartida co CEIP de Cedeira, polo que ven dous días á semana ao noso centro.

Nome Auxiliar de conversa	Horas lectivas semanais
Victoria Clark	8
Tarefas	
Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula	Sí ☒ Non ☐
Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos	Sí ☒ Non ☐
Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula	Sí ☒ Non ☐
Outras tarefas (especificar):	Sí ☐ Non ☒

CONCRECIÓN DO PROXECTO EN CADA UN DOS NIVEIS

Segundo o Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (derivado da nova Lei de Educación LOMLOE) os contidos educativos organízanse arredor das seguintes áreas:

- Comunicación e representación comunicativa
- Crecemento en harmonía
- Descubrimento e exploración da contorna

Estas áreas, que se corresponden con ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil, deberán concebirse cun criterio de globalidade e de mutua dependencia, e desenvolveranse mediante a realización de experiencias significativas.

OBXECTIVOS XERAIS

- **Coñecer o seu propio corpo e o d@s outr@s, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas nun contexto comunicativo en inglés.**
- **Observar e explorar o seu medio próximo nun contexto comunicativo en lingua inglesa.**
- **Seguir instrucións orais sinxelas en inglés**
- **Amosar una actitude positiva cara á aprendizaxe do novo idioma.**
- **Coñecer e usar, na medida das súas posibilidades, as ferramentas tecnolóxicas.**

4º EDUCACIÓN INFANTIL

PSICOMOTRICIDADE EN INGLÉS

Os nenos e nenas que entran en tres anos é a primeira vez que teñen contacto coa lingua inglesa. O movemento a través do xogo e a música é a mellor ferramenta para introducir o novo idioma.

OBXECTIVOS	CONTIDOS
Recoñecer, identificar e representar o corpo e as partes elementais que o compoñen.	O esquema corporal: coñecemento das partes mais significativas(head, eyes, nose, legs, arms hands,...)
Coordinar e controlar progresivamente o seu corpo en movemento, adaptando a súa resposta motriz as características dos obxectos, das outras persoas ou tarefas.	Coordinación e control progresivo do seu corpo en movemento, e adaptación da súa resposta motriz as características dos obxectos, das outras persoas ou tarefas.
Empregar distintos tipos de posturas e desprazamentos segundo os seus intereses e segundo as características das tarefas.	Posturas e desprazamentos: walking, running, jumping, crawling, climbing,...
Integrarse en xogos grupais cooperando cos demais e asumindo progresivamente tarefas e responsabilidades.	Integración en xogos grupais cooperando cos demais e asumindo progresivamente tarefas e responsabilidades.
Avanzar no desenvolvemento da creatividade e da expresión corporal.	Desenvolvemento da creatividade e libre expresión corporal.

5º EDUCACIÓN INFANTIL

LINGUAXE MUSICAL EN INGLÉS

A linguaxe musical é un medio que permite a comunicación cos demais e posibilita o desenvolvemento de aspectos como a atención, a sensibilidade, a improvisación e o disfrute a través da voz, o propio corpo e os xogos motores e sonoros.

OBXECTIVOS	CONTIDOS
Empregar as distintas linguaxes entendéndolas como instrumentos de comunicación entre as persoas, de expresión das ideas e sentimentos e de representación da realidade.	Exploración das posibilidades sonoras do corpo, de obxectos cotiás e de instrumentos musicais. Recoñecemento dos sons do entorno natural e social.
Empregar a xestualidade e as manifestacións corporais identificándolas como una forma de comunicación humana.	Participación activa e gozo na interpretación de cancións e xogos musicais en inglés.
Senti-la música, identificándola como un medio de expresión e manifestación cultural. Desenvolvemento da creatividade.	Utilización e creación de instrumentos musicais para acompañar as producións musicais. Valoración e respecto polas producións propias e alleas.

6º EDUCACIÓN INFANTIL

TICS (CIRCLE TIME) EN INGLÉS

O que se pretende é que, unha vez á semana, as rutinas que fai a titora na PDI se fagan en inglés. É unha forma de integrar o manexo informático por parte do alumnado co vocabulario e as expresións inglesas. Tamén se aproveita a entrada en clase para manter conversas ao respecto.

OBXECTIVOS	CONTIDOS
Comprender mensaxes orais sinxelas dentro dun contexto e con apoio visual en inglés.	Comprensión oral de textos sinxelos. Saúdos e presentación dun mesmo.
Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas en inglés.	Obxectos e expresións de uso cotiá na aula. Expresión oral de mensaxes sinxelas.
Producir mensaxes orais sinxelas en lingua inglesa.	Vocabulario: días da semana, meses do ano, cores, os números e as cantidades,
Familiarizarse coas TICs en inglés.	Emprego das TICs en inglés
Amosar interese nos aspectos socioculturais dos países de fala inglesa.	Festas e celebracións típicas inglesas: Halloween, Christmas, Saint Patrick's Day,

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado con necesidades educativas especiais estará integrado nas actividades diarias de aula. Terase especial atención nos tempos e na anticipación das tarefas. O Departamento de Orientación será o que decida se necesita apoio educativo dependendo da necesidade específica do alumnad@.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

Espazos

4º e 5º EI: será na aula de psicomotricidade. É una aula ampla que permite o libre movemento para poder facer actividades motoras sen obstáculos. Aproveitarase o desprazamento ata a aula para expresar en inglés as distintas acción que se fan : subir e baixar escaleiras, ir pola dereita/esquerda, andar, non correr,...

6º EI : será na aula de inglés para aproveitar a PDI que se vai utilizar nas rutinas.

Materiais

Empregarase a pizarra dixital co alumnado de 5 anos. Cos demais alumn@s xoguetes psicomotores (pelotas, balancíns, esterillas,...) e instrumentos musicais.

Enfoque Didáctico

A base da aprendizaxe da lingua inglesa en infantil é oral. Propóñense actividades que produzan contextos reais e funcionais para que os nenos e nenas poidan participar nun entorno significativo, comunicador e integrador. O xogo será o elemento vertebrador ao longo do proceso co fin de que adquiren progresivamente sons, vocabulario e estruturas gramaticais onde as interacción entre iguais sexan unha fonte privilexiada de actividade.

No noso centro trabállase por proxectos. Seguindo esta liña, os contidos organizaranse cun enfoque globalizado no que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais e comunicativas . Porase especial énfase na valoración positiva nas interaccións que favorecen a expresión libre das súas opinións e sentimentos.

AVALIACIÓN

A avaliación realizarase de maneira conxunta entre a mestra de inglés e as titoras. Será una avaliación global, continua e formativa baseada na observación directa. Respetarase o ritmo de cada alumn@ e valorarase os logros adquiridos . Fomentarase a confianza nas propias posibilidades á hora de conquistar as metas propostas.

A propia práctica docente será obxecto de avaliación é reflexión. As familias recibirán información do proceso de ensino-aprendizaxe da lingua inglesa dos seus fillos e fillas a través do boletín trimestral feito en común coas titoras e en cada momento que se considere oportuno.

Criterios de avaliación:

- Amosa unha actitude positiva cara a aprendizaxe da lingua e cultura inglesa.
- Interésase por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.
- Participa nas cancións (letra, accións), xogos e outras actividades realizadas nas sesións.

- Recoñece o vocabulario e as funcións traballadas e empeza a empregalo.
- Responde de xeito verbal/non verbal as instrucións.
- Séntese seguro e confiado nas clases de inglés.
- Utiliza, na medida das súas posibilidades, as TICs como vehículo de expresión e comunicación.

Ademais, ó remate do curso escolar realizarase unha avaliación, valorando entre outros aspectos, o grao de aceptación por parte do alumnado, o desenvolvemento das competencias clave, o grao de consecución dos obxectivos propostos, a participación e colaboración das familias, Recollida esta información decidirse se ampliar o mesmo proxecto no vindeiro curso académico ou ben iniciar un novo.

17. AVALIACIÓN DA PXA

O proceso avaliativo desta programación desenvolverase ó longo do curso para comprobar o grao de cumprimento do deseño nun principio. Este proceso axudaranos a implementar/modificar, no transcurso do ano escolar, aqueles aspectos de propia PXA que foran necesarios.

Periodicamente o equipo directivo será quen de avaliar e propoñer ó resto do claustro as modificacións que valorasen pertinentes. Así mesmo, cunha frecuencia a lo menos bimensual, se programarán reunións do claustro para reflexionar e facilitar un tempo de análise e aporte de ideas cara o melloramento da PXA.

Entendendo a PXA como un documento base, está aberto a modificacións que co transcurso do ano escolar poidan plantexarse nun proceso avaliativo continuo. Os diferentes equipos, coordinacións, dinamizacións nas súas respectivas reunións, poderán aportar ideas para o seu perfeccionamento e adecuación a novos plantexamentos.

A elaboración da memoria escolar, suporá unha reflexión (avaliación) final das conseguíntes propostas de mellora como corolario da mesma memoria.

OBXECTIVOS	NIVEL DE CONSECUCIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
Potenciar o uso e a dotación do material didáctico do centro, optimizando o uso e aproveitamento dos recursos, das infraestruturas e materiais dispoñibles.		
Seguir mellorando a dotación de material, equipamento e infraestrutura do centro:		
Implicar ás nais/pais no proceso educativo dos seus fillos/as.		
Facilitar e potenciar a formación do profesorado		
Actualizar o Proxecto Educativo e Funcional do Centro		

Apoiar e dinamizar o funcionamento da ANPA.		
Traballar por favorecer a boa relación con toda a comunidade escolar e institucións coas que a escola pode relacionarse.		
Potenciar o uso da páxina web do Centro		
Fomentar o emprego da lingua galega na comunidade educativa		
Promover a implicación do profesorado no uso das ferramentas dixitais		
Desenvolver medidas de atención ó alumnado NEAE a partir das proposta deseñado polo Equipo de Orientación .		
Planificar un horario de apoio nas aulas como reforzo do traballo das titoras. Sobre todo naquelas aulas onde mais se necesite.		

INFORME DO CLAUSTRO

En cumprimento do artigo 97º do Decreto 374, do 17 de Outubro de 1996 polo que se aproba o regulamento das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria, esta Programación Xeral Anual foi presentada ao Claustro de Profesores, e aprobada por unanimidade en Sesión Ordinaria celebrada o día 8 de outubro de 2024.

CONSELLO ESCOLAR CERTIFICACIÓN

En reunión ordinaria do Consello Escolar do Centro, celebrada o día 8 de outubro de 2024, quedou aprobada a Programación Xeral Anual do Centro para o presente curso 2024-2025, que figura nas páxinas anteriores a esta certificación.

En Redondela 8 de outubro de 2024

O Equipo Directivo

A Directora



A Secretaria



Asdo.: M.ª Carmen Rodríguez Figueroa

Asdo.: M.ª Elena Peña Blanco